


# **PROGRAMACIÓN LINGUA E LITERATURA CASTELÁ**

**1º, 2º, 3º, 4º ESO**

**Educación Secundaria Obligatoria**



**Curso 2021-2022**

**IES de Barro**



# ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>5</b>
<b>1.1 Introducción</b>	<b>5</b>
<b>1.2 Contextualización</b>	<b>7</b>
<b>2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>9</b>
<b>3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO</b>	<b>17</b>
<b>3.1. Obxectivos xerais da etapa: secundaria obrigatoria</b>	<b>18</b>
<b>3.2. Obxectivos específicos da área de lingua castelá e literatura</b>	<b>21</b>
<b>4. CONTIDOS XERAIS PARA A MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>	<b>23</b>
<b>5. CONCRECIÓN PARA OS ESTÁNDARES AVALIABLES DE: TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, PESO CUALIFICACIÓN, PUNTUACIÓN POR BLOQUES E TEMAS OU UNIDADES DIDÁCTICAS.</b>	<b>26</b>
<b>5.1 Relación dos contidos cós criterios de avaliación, estándares avaliados (básicos e non básicos) e competencias de 1º de ESO.</b>	<b>26</b>
<b>5.2 Secuenciación e planificación para 1º de ESO</b>	<b>69</b>
<b>5.3 Relación dos contidos cós criterios de avaliación, los estándares avaliados (básicos e non básicos) e as competencias de 2º de ESO:</b>	<b>71</b>
<b>5.4. Secuenciación e planificación para 2º de ESO</b>	<b>106</b>
<b>5.5 Relación dos contidos cós estándares avaliados, ó seu grao mínimo, o peso, os elementos transversais, as competencias e a distribución en bloques e temas, para de 3º curso de ESO:</b>	<b>107</b>

5.6. <i>Secuenciación e concreción dos estándares de 3º de ESO en unidades didácticas.</i>	127
5.7 <i>Relación dos contidos cós estándares avaliados, ó seu grao mínimo, o peso, os elementos transversais, as competencias e a distribución en bloques e temas, para de 4º curso de ESO:</i>	133
5.8 <i>Secuenciación e concreción dos estándares de 4º de ESO en unidades didácticas</i>	168
<b>6. CONCRECIÓN METODOLÓXICA</b>	<b>179</b>
7.1 <i>Actividades, metodoloxía e recursos empregados no ensino presencial.</i>	183
<b>8. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO</b>	<b>189</b>
8.1 <i>Características e proceso da avaliación</i>	189
8.2 <i>Instrumentos da avaliación</i>	190
8.3 <i>Propostas de rúbricas e rexistros para a autoavaliación e coavaliación do alumnado</i>	192
<i>Criterios xerais de avaliación e cualificación</i>	209
8.6 <i>Avaliación Inicial</i>	211
8.7 <i>Criterios de cualificación: medidas para a avaliación do alumnado.</i>	213
8.7.1 <i>Avaliación en caso de ensino totalmente presencial.</i>	213
8.7.2 <i>Avaliación en caso forzoso de ensino semipresencial, por cuestións da pandemia.</i>	217
8.8 <i>Avaliación de materias pendentes</i>	218
9.1. <i>Consideracións xerais</i>	219
<b>10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>227</b>
Medidas aplicadas en 1º da ESO	229
Medidas aplicadas en 2º da ESO	230

Medidas aplicadas en 3º da ESO	230
Medidas aplicadas en 4º da ESO	230
<b>11. CONEXIÓNS COS TEMAS TRANSVERSAIS</b>	<b>231</b>
<b>12. PLAN TIC</b>	<b>233</b>
<b>PLAN TIC (EDIXGAL)</b>	<b>234</b>
Plan TIC para 1º curso da ESO	235
Plan TIC para 2º curso de Eso	235
PLAN TIC PARA 3º E 4º CURSO DA ESO	236
<b>13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>238</b>
<b>14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS, E DAS PRÁCTICAS DIARIAS EN RELACIÓN ÓS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.</b>	<b>239</b>
<b>15. ACHEGA DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO</b>	<b>241</b>
1. <i>Introdución</i>	242
2. <i>Elementos do Proxecto -Lector</i>	243
3. <i>Fomento da lectura na aula</i>	243
4. <i>Proposta deseñada para determinados cursos do nivel Educativo da ESO polo Departamento de Lingua e Literatura Castelá</i>	247
5. <i>Conclusións</i>	259

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1 Introducción

A elaboración do Proxecto Curricular é unha necesidade de capital importancia, pois ten que servir de guía no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para que este proceso remate con resultados satisfactorios, é necesario que se especifiquen previamente os obxectivos e que se planifique dunha forma sistemática e estruturada do proxecto de etapa. Para elo, é necesario atender aos seguintes aspectos: os *contidos* que deben aprender os alumnos, as competencias que deben lograr, o xeito de avalialos e a *metodoloxía* que se vai a aplicar e os *materiais* cos que se conta para conseguir os obxectivos propostos. Ademais destes elementos, tamén se terán en conta as medidas *de atención a la diversidade* do alumnado, a atención ós temas transversais e ó proxecto lector, así como o desenvolvemento das *competencias básicas* e os *criterios de avaliación*, co fin de configurar un Proxecto Curricular que se axuste ás necesidades e a meta educativa que perseguimos para o noso alumnado.

O documento que presentamos a continuación, permite contextualizar a programación de aula e encadrar as actuacións de ampliación, reforzo e adaptación que se estimen oportunas, co obxectivo de garantir a coherencia na práctica docente. Tamén serve a todos aqueles que dalgunha maneira están implicados no proceso de ensinanza-aprendizaxe (dirección, profesorado, pais e nais, alumnado) porque de esta forma serán coñecedores da pedagogía do centro.

Os ambiciosos fins educativos da ESO requiren dunha serie de ferramentas entre as que sobresaee –polo seu carácter instrumental– un uso adecuado da lingua. Así, expresarse correctamente, entender e interpretar textos, xa sexan orais ou escritos, convértese, deste xeito, nun eixo fundamental da etapa, chegando a ser a base dunha das chamadas competencias básicas: a competencia en comunicación lingüística.

A materia de lingua e literatura castelá, inclúe contidos e procedementos que o alumnado debe dominar e sobre os que hai que insistir en diversos cursos, aumentando progresivamente o nivel de dificultade. Exemplo deles son a ortografía, ampliación do léxico, a análise morfolóxica e sintáctica e tamén a capacidade de expresión e o comentario de texto. Así realizaremos en cada curso repazos rápidos do visto anteriormente neses aspectos, para engadir a continuación materia nova e aumentar gradualmente a complexidade dos exercicios. Por iso, nas diferentes programacións algúns deses contidos aparecen repetidos e ampliados, mentres que outros son novos e diferentes. É importante que o alumnado profunde no comentario de texto, iniciado de xeito moi básico en 2º de ESO e que o desenvolva en 3º e 4º. Este feito permitiralle observar, deducir e aplicar os seus coñecementos teóricos a textos e, ó desenvolver a súa capacidade de análise, será unha ferramenta útil, tamén en cursos posteriores, non só para a literatura senón tamén para outras materias.

Unha vez máis, nesta programación agrupamos os contidos en bloques por razóns prácticas. En todo caso o profesor ou profesora poderá impartir parte da materia de varios bloques nunha mesma avaliación se así o considera axeitado. Seguindo ademais coa nosa intención de

fomentar a creatividade literaria no alumnado, procuramos incluír actividades que esperten o interese pola escritura, como concursos literarios de distinto tipo. Outra posibilidade, no caso de grupos moi participativos, é a elaboración de breves escenas teatrais en grupo, ou a lectura dramatizada de obras de teatro, nas que o alumnado aprendería a describir o comportamento, xestos e palabras de distintos personaxes relacionados. Isto podería completarse coa escenificación do elaborado, contando coa axuda de profesores doutras materias, aínda que neste momento esa escenificación só podería darse dentro da aula, mantendo a distancia e sen misturar grupos. Aínda que somos conscientes da dificultade que implica este tipo de exercicios, e de que non son posibles con calquera grupo. Para levalos a cabo, en caso de facelo, daríamos ó alumnado nocións previas sobre técnicas narrativas, descritivas e de escritura teatral. De non ser posible ese proxecto, si levaríamos ó alumnado a ver polo menos unha obra de teatro por curso (agás que o impidan as condicións sanitarias ou de outro tipo.)

Tamén procuraremos incluír actividades que fagan amena a materia e que estean directamente relacionadas coa área de literatura, como a lectura de contos ou poemas en clase, a asistencia (presencial ou telemática) a obras teatrais, e a proxección de películas relacionadas coas épocas ou obras literarias estudadas. Incluímos ademais, como parte da cualificación, a lectura de dúas obras literarias completas, escritas por unha autora ou autor importante, seleccionada polo profesor ou profesora, en función da capacidade xeral do grupo e buscando ademais que posúa calidade literaria.

**Este curso contamos con dous grupos de 1º, dous de 2º, un de 3º e un de 4º. Ademais hai un desdobre no ámbito lingüístico de 4º, con sete alumnos e alumnas, que proceden dun PMAR de 3º. Dadas as características do alumnado, e como medidas de atención á diversidade, tomaranse tamén medidas de atención á diversidade con varios:**

**En 1º veñen polo menos cinco alumnos e alumnas con ACI de primaria, e seis máis que teñen reforzo en lingua castelá. Probablemente haberá que mantelos este curso. Revisaremos, en todo caso, esas necesidades de atención á diversidade, con máis detalle, na avaliación inicial, dado que acaban de chegar ó centro e o profesorado necesita máis tempo para coñecelos.**

**En 2º contamos cunha alumna que ten mutismo selectivo, varios con ACI, repetidores e algúns que precisan reforzos.**

**En 3º varios con reforzo por síndrome de asperger, por dificultades de atención, dislexia ou diversos problemas en lectura, comprensión, expresión e gramática.**

**En 4º contamos tamén con dous alumnos repetidores. Ademais hai un desdobre no ámbito lingüístico para 7 alumnos/as que proceden dun PMAR feito en 3º o curso pasado.**

**O departamento de lingua e literatura castelá está composto pola profesora Susana Lorenzo. Ademais de Lingua e Literatura castelá en 1º, 2º, 3º e 4º, ocúpase este curso de impartir outras materias, algunhas delas desde hai varios cursos, todas pertencentes ás áreas de letras. Entre elas está a optativa :Cultura Clásica de 3º. Tamén imparte lingua castelá nun 1º a profesora Elena Aznar e un desdobre do ámbito lingüístico para sete alumnos de 4º o profesor Toño Abal.**

## 1.2 Contextualización

Barro é un municipio de pouco máis de 3500 habitantes na actualidade, cunha poboación moi dispersa en pequenas parroquias. O Instituto está situado nunha zona agrícola e gandeira, próxima a unha cidade. Isto ten como consecuencia que parte da poboación traballe no sector terciario nesa cidade e comarca.

**No ámbito familiar** predominan as familias compostas polo matrimonio e dous fillos e en moitos casos comparten vivenda con avós ou outros familiares. A idade dos pais oscila entre 33 e 45 anos.

No referente ó traballo, en case todas as familias traballa o pai e só nunha terceira parte delas o fai tamén a nai.

O nivel de estudos da gran maioría de pais e nais son os de Primaria, sendo moi poucos os que acadaron o Bacharelato ou Formación Profesional, e só excepcionalmente, estudos universitarios.

A lingua habitual nos fogares é o Galego. O nivel cultural das familias é medio-baixo.

Case que todas elas consideran importante que sexa fluída a relación co Instituto.

**Os alumnos /as** teñen idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos. A oferta educativa do IES restrínxese ós catro cursos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria.

Na súa grande maioría consideran que se debería traballar máis en equipo e valorar máis os traballos feitos en grupo. Prefiren como instrumentos de avaliación os traballos da casa, de clase e en equipo, rexeitando os exames e as preguntas en clase.

Soamente a una pequena parte lles agrada o que teñen que estudar. A meirande parte dos alumnos/as do IES considera a xornada lectiva diaria suficiente para aprender e lle dedican pouco tempo na casa polas tardes, agás en época de exames. Unha porcentaxe considerable dos pais non ve demasiado necesario o aporte cultural ós fillos, de aí que poucos acudan ó teatro, danza, a concertos ou museos, e con pouca frecuencia ó cine, pese a ter Pontevedra a menos de 10 km. distancia. O instituto tenta paliar esas carencias mediante a organización de actividades extraescolares.

Entre o alumnado, fala sempre galego un 60%. Somentes un 12% utiliza o castelán sempre. Indistintamente empregan as dúas linguas o 28 %.

O tempo libre é ocupado principalmente en: ver televisión (entre 1 e 2 horas), axudar na casa (entre 1 e 2 horas). Outras ocupacións serían un pouco de lectura, xogos, conexión a redes sociais, actividades deportivas, actividades musicais...

O 80% manifesta dispor dun lugar para estudar (Preferentemente a súa habitación).

O 93% ten dicionarios na casa e o 62 % algunha enciclopedia.

Case todos teñen ordenador pero non sempre con conexión a Internet.

Hai un número considerable que non descubriu o pracer da lectura.

A mala utilización do tempo de ocio e a carencia na variedade de actividades é outra das características negativas que se desprenden das enquisas realizadas.

No referente as aspiracións persoais, ó remata-la ensinanza obrigatoria, aproximadamente as 2/3 partes desexan seguir estudando un ciclo formativo ou facer o bacharelato, por esta orde.

Cren que o Instituto tense que ocupar sa ensinanza da informática, dos problemas sociais (drogas, marxinação...), da educación sexual e da conservación do medio ambiente. En menor medida, traballar a educación para a saúde, a ed. vial e a ed. para a paz.

Valoran de maneira positiva a relación cós compañeiros. Un pouco menos a relación co profesorado. Observamos ademais certos prexuízos en temas como a igualdade de xénero, homosexualidade, escasa conciencia social e nalgúns casos pouca concienciación respecto ó bo trato ós animais ou a educación ambiental. Por iso tentamos traballar estes aspectos como parte dos temas transversais. En xeral non son alumnos conflitivos, aínda que si hai excepcións nese sentido. A maioría opina que o NOF do centro é o adecuado.

Deixamos constancia do consenso obtido polos integrantes do departamento á hora de elaborar a citada programación. Pero non debe esquecerse que o proceso metodolóxico e avaliador soe ser diferente para un rapaz de doce anos e para un de dezaseis, e tamén depende do nivel e tipo de grupo co que se conta. Polo tanto, en relación ós contidos, a secuenciación dos mesmos, a avaliación dos estándares ou a planificación en bloques temáticos ou unidades, este departamento respecta a metodoloxía do profesor ou profesora correspondente, previamente manifestada, e despois comentada nas reunións de departamento, ao tratar os resultados, para facer os axustes necesarios.

## **LEXISLACIÓN APLICADA**

Programación elaborada segundo o Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato e do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o mesmo currículo na comunidade autónoma de Galicia.

Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.



## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O obxectivo básico da ensinanza da Lingua e Literatura na ESO é saber utilizar o idioma con precisión cando falamos, escribimos e lemos.

Os obxectivos xerais son o principal referente á hora de planificar a nosa práctica como docentes. Deberemos traducilos en aprendizaxes que se expresen en termos de capacidades relacionadas en cada un dos obxectivos, buscando, ante todo, o desenvolvemento harmónico do individuo, a través das distintas áreas.

Nesta etapa educativa, os nosos alumnos/as enriquecerán a súa linguaxe oral e escrita nos niveis de comprensión e expresión. O mesmo tempo melloraremos e crearemos neles unha maior sensibilidade cara a Lingua Literaria.

Os contidos reflectidos en cada bloque non se referirán unicamente a conceptos, senón tamén a destrezas, técnicas e estratexias representadas nos estándares. Ó mesmo tempo, fomentaremos valores, e actitudes que contribúan ó desenvolvemento integral de cada alumno/a e a un proxecto de sociedade máis respectuosa.

Ademais, a organización integrada da lingua e literatura, propicia como mínimo o fortalecemento das relacións substantivas que existen entre as distintas materias ou ámbitos curriculares, de modo que por exemplo, desde o ámbito lingüístico se poidan xerar actitudes cidadáns de respecto ás minorías, á igualdade etcétera, ou tamén, xerar estratexias de expresión e comprensión da lingua en textos expositivos.

O desenvolvemento da competencia de comprensión lectora, que inclúe a interpretación de textos continuos e descontínuos, favorece a adquisición das competencias básicas en ciencia, tecnoloxías, e artes. Ademais dun privilexiado instrumento de comunicación, é o medio a través do cal se organiza a experiencia e o pensamento. O seu dominio progresivo vai ligado ao desenvolvemento da abstracción, aos coñecementos teóricos ou prácticos; por outra parte, as actitudes e os valores transmítense e confórmanse tamén, a través da lingua.

A competencia en comunicación lingüística está na base do desenvolvemento de tódalas competencias, pero vemos a continuación un esquema das competencias máis desenvolvidas na nosa programación:

### **1. Competencia en comunicación lingüística - CCL**

Dispoñer de esta competencia supón ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e a intención comunicativa. Implica a capacidade empática de pórse no lugar doutras persoas; de ler, escoitar, analizar e ter

en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico; de expresar – fondo e forma– as propias ideas e emocións, e de aceptar e realizar críticas con espírito construtivo.

Con distinto nivel de dominio e formalización –especialmente na lingua escrita– esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, pero tamén na castelá e galega, poder comunicarse e, con elo, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Ademais favorece o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

**A competencia en comunicación lingüística (CCL)** é o resultado da acción comunicativa dentro das prácticas sociais determinadas, nas que o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Ademais do seu valor como elemento cognitivo, ten un compoñente sociocultural, artístico e tamén afectivo que debemos traballar.

Precisa da interacción de distintas destrezas, xa que se produce en múltiples modalidades de comunicación e diferentes soportes. Desde a oralidade e a escritura ata as formas máis sofisticadas de comunicación audiovisual ou mediada pola tecnoloxía, o individuo participa dunha complexa rede de posibilidades comunicativas coas que amplía a súa competencia, a súa capacidade de interacción con outros individuos.

Instrumento fundamental para a socialización e aproveitamento da experiencia educativa, por ser unha vía privilexiada de acceso ó coñecemento dentro e fora da escola.

En síntese, o desenvolvemento da competencia lingüística ao final da educación obrigatoria comporta o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos, no caso da nosa comunidade, o dominio do galego e do castelán, e o uso funcional de, ao menos, una lingua estranxeira.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- A boa comprensión verbal.
- A capacidade de expresión verbal oral, clara e correcta.
- A capacidade de expresión escrita clara e correcta.
- O dominio da mecánica de lectura.
- A capacidade de lectura comprensiva.
- Análise e interpretación reflexiva de textos, moitos deles literarios, atendendo ó contido e á forma, empregando como instrumento fundamental o comentario de texto.
- Desenvolvemento da expresión oral mediante exposicións e debates.
- Desenvolvemento da expresión escrita en exercicios e redaccións. Incluímos tamén os intentos de elaborar textos creativos con intención literaria.

- Comprensión de fenómenos gramaticais.
- Comprensión de tendencias e elementos literarios.
- Adquisición de vocabulario novo.
- Estudo dos mecanismos de funcionamento da lingua, dedución e aplicación das súas normas.
- Conciencia da lingua como entidade viva, que reflexa ás persoas e ás sociedades e que evoluciona co tempo e os cambios sociais.
- Comprensión e interpretación de textos literarios clásicos, en relación ó seu contexto histórico e establecendo comparacións coa nosa sociedade actual.
- Respecto pola diversidade lingüística.
- Uso da lingua como elemento de comprensión en calquera terreo que se relacione coa expresión verbal (cine, teatro, cancións...)
- Uso da lingua como elemento de expresión en calquera actividade relacionada coa materia (interpretación de textos orais e escritos, exercicios gramaticais, redaccións, traballos, exposicións...)

O currículo desta materia, ao ter como meta o ampliar capacidade para interactuar de forma competente mediante a linguaxe nas diferentes esferas da actividade social, contribúe dun modo decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación, aínda que se adquiren desde unha lingua, se transfíren e aplican na aprendizaxe de outras. Esa aprendizaxe contribúe, á súa vez, a acrecentar esta competencia sobre o uso do linguaxe en xeral.

## **2. Tratamento da información e competencia dixital - CDIX**

O tratamento da información e la competencia dixital implican ser una persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ó seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- Interpretación de táboas, esquemas, fotocopias, imaxes.
- Busca en internet e outros soportes.
- Busca no dicionario e nas gramáticas.
- Lectura e análise de fotocopias e mapas.
- Observación e análise de materiais aportados por elementos audiovisuais (películas, documentais, traballos en power point...)
- Elaboración de esquemas que resuman a información.
- Utilización das distintas ferramentas tecnolóxicas para desenvolver aspectos relacionados coa materia.
- Manter unha actitude crítica e reflexiva ante a información recibida, aprendendo a contrastala e seleccionala.

A materia contribúe ao tratamento da información e competencia dixital ao ter como unha das súas metas, proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante de acordo con diferentes necesidades, así como para a súa utilización na produción de textos orais e escritos propios. A selección de moitas destas informacións requirirá, por exemplo, o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización de Internet, a realización guiada destas buscas constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital. A elo contribúe tamén o feito de que o currículo inclúa o uso de soportes electrónicos na composición de textos de modo que poidan abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución de texto, revisión) e que constitúen un dos contidos básicos desta materia. Tamén poden contribuír ao desenvolvemento desta competencia o uso nesta materia dos novos medios de comunicación dixitais que implican tamén un uso social e colaborador da escritura e dos coñecementos.

### **3. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía – CMCT**

Este tipo de competencia ten unha relación menos directa con esta materia en concreto, pero podemos atopar certa conexión no contexto histórico co que se relacionan os movementos literarios, dado que ó estudalos hai tamén referencias ós avances científicos que se produciron. Por outro lado require o fomento de destrezas para usar máquinas, o que conecta coa competencia dixital e iso exercítase á hora de elaborar traballos sobre a materia en distintos soportes.

Tamén pode percibirse en aspectos como:

- A estudo de obras literarias baseadas en historias que conectan coa ciencia: Frankenstein, O doutor Jeckyll, Izur... Nelas, ademais de reflexións sobre temas científicos, trátanse as conexións entre a ciencia e a ética.
- Obras literarias baseadas en aspectos relacionados co medio ambiente, cos animais, con aspectos biolóxicos que inflúen no comportamento humano.
- Aspectos da ciencia que influíron na sociedade, na filosofía e na literatura dalgúns períodos: herdanza biolóxica, determinismo, condutismo, avances técnicos..

### **4. Competencia social e cívica - CSC**

Esta competencia supón comprender a realidade social na que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas, e exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e a democracia, e mantendo una actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigacións cívicas.

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Implica a capacidade para analizar de xeito crítico os costumes das distintas sociedades, as súas tensións e procesos de cambio. Tamén supón reflexionar sobre os distintos tipos de discriminación, a xustiza, o

multiculturalismo. Implica amosar tolerancia pero tamén capacidade crítica coa inxustiza, negociar sabendo inspirar confianza, amosar diplomacia e xerar empatía. Supón loitar contra os prexuizados, respectar as diferencias e defender os dereitos propios e alleos.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía, dereitos humanos e civís, e das leis fundamentais e a valoración dos mesmos. Tamén o respecto ós animais e ó medioambiental. Todo iso inclúe tamén o coñecemento de acontecementos históricos nacionais, europeos e internacionais.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- Cunha reflexión crítica, partindo da literatura, sobre os valores existentes nas distintas épocas.
- Comparando as sociedades antigas coas actuais.
- Coñecendo a importancia da literatura, as lendas e a mitoloxía como elemento de cohesión social e como reflexo da sociedade que as elabora.
- Descubrimento dos mecanismos de control social e creación de consciencias colectivas.
- Eliminación de prexuizados discriminatorios.
- Análise crítico de razoamentos inxustos en diferentes épocas e textos literarios.
- Eliminación de prexuizados economistas, practicistas ou resultantes da ignorancia, que desprezan as humanidades e as artes, entre elas a literatura.
- Reflexión sobre aspectos sociais en debates e textos elaborados polo alumnado.

A aprendizaxe da lingua concibida como desenvolvemento da competencia comunicativa contribúe decisivamente ao desenvolvemento da competencia social e cidadá, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Por outra parte, a educación lingüística ten un compoñente estreitamente vinculado con esta competencia: a constatación da variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística e a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación. Tamén se contribúe desde a materia a esta competencia na medida en que se analizan os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuizados e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír a erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

## **5. Competencia de conciencia e expresións culturais. - CEC**

O conxunto de destrezas que configuran esta competencia refírese tanto á habilidade para apreciar e desfrutar coa arte e outras manifestacións culturais, como a aquelas relacionadas co emprego de algúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; implica un coñecemento básico das distintas manifestacións culturais e artísticas, a aplicación de habilidades de pensamento diverxente e de traballo colaborador, una actitude aberta, respectuosa e crítica cara a a diversidade de expresións artísticas e culturais, o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora, e un interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e

artístico, tanto da propia comunidade, como doutras comunidades.

Require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural: patrimonio histórico-artístico, literario, filosófico, medioambiental, científico... Incorpora diferentes manifestacións e linguaxes artísticas: literatura, pintura, escultura, fotografía, cine, danza, interpretación, arquitectura... e require o desenvolvemento da imaxinación, o sentido da estética, a sensibilidade e a reflexión artística e humanística.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- Co coñecemento das formas de pensamento e das diversas obras de arte, incidindo na literatura, que se relacionará ademais con elas, tanto da antigüidade como da sociedade actual.
- Desfrute e valoración crítica desas manifestacións artísticas.
- Capacidade para analízalas usando a razón e as emocións.
- Conciencia do seu valor e da necesidade de conservalas.
- Identificación deses elementos artísticos en obras de arte posteriores.
- Desfrute e valoración da lectura, especialmente de obras literarias.
- Conexión da literatura coas demais artes, tentando unha interpretación máis ampla e enriquecedora do feito artístico.
- Elaboración de textos propios con intención estética e literaria, buscando, ademais dunha boa elaboración formal, a expresión de sensacións e emocións.
- Exercicios para desenvolver a creatividade, en sentido amplo, pero centrándose no terreo verbal.
- Demostrando sensibilidade e interese pola literatura

A lectura, interpretación e valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento dunha *competencia artística e cultural*, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. A súa contribución será máis relevante en tanto se relacione o aprecio das manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas, como a música, a pintura ou o cine e se analicen incluíndo unha contextualización histórica e filosófica. Tamén se contribúe a esta competencia procurando que o mundo social da literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librerías, catálogos ou a presenza do literario na prensa), adquira sentido para o alumnado.

## **6. Competencia para aprender a aprender - CAA**

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia e eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico, como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal desenvólvese a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

Esta competencia inclúe unha serie de destrezas que requiren a reflexión a toma de conciencia dos propios procesos de aprendizaxe. Así, os procesos de coñecemento convértense en obxecto do coñecemento e, ademais, hai que aprender a executalos adecuadamente.

Aprender a aprender inclúe coñecementos sobre os procesos mentais implicados na aprendizaxe (como se aprende). Ademais, esta competencia incorpora o coñecemento que posúe o estudante sobre o seu propio proceso de aprendizaxe que se desenvolve en tres dimensións:

- O coñecemento que ten sobre o que sabe e descoñece, o que é capaz de aprender, o que lle interesa, etcétera.
- O coñecemento da disciplina na que se localiza a tarefa de aprendizaxe e o coñecemento do contido concreto y das demandas da tarefa mesma.
- O coñecemento sobre as distintas estratexias posibles para afrontar a tarefa.
- Respecto ás actitudes e valores, a motivación e a confianza son cruciais para a adquisición de esta competencia. Ambas se potencian desde realistas a corto, medio e longo prazo.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- Interacción constante entre pasado e presente.
- Desenvolvemento da capacidade de comprensión, expresión, razoamento, atención e concentración.
- Desenvolvendo a memoria, coa retención de conceptos e a práctica, con exercicios sobre eles.
- Exercitando a análise e a dedución.
- Elaboración e interpretación de apuntes, táboas, esquemas, resumos...
- Exercitando a capacidade de síntese e a de desenvolvemento verbal.
- Interpretación e redacción de textos.
- Traballo tanto individual como en equipo.
- Capacidade para autoavaliarse.

Aprendese a falar e a escoitar e a ler e escribir, para a interacción comunicativa, pero tamén para adquirir novos coñecementos. A linguaxe, ademais de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relacionase directamente coa competencia básica de *aprender a aprender*. Ademais, os contidos de reflexión sobre a lingua recollen un conxunto de saberes conceptuais (metalinguaxe gramatical) e estándares (capacidade para analizar, contrastar, ampliar e reducir enunciados mediante o uso consciente de certos mecanismos gramaticais, substituír elementos do enunciado por outros gramaticalmente equivalentes, usar diferentes esquemas sintácticos para expresar unha mesma idea, diagnosticar erros e reparalos, etcétera.) que se adquiren en relación coas actividades de comprensión e composición de textos e que se reutilizan para optimizar a aprendizaxe lingüística, é dicir, para aprender a aprender lingua.

## 7. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor - CSIE

A autonomía e a iniciativa persoal supoñen ser capaz de imaxinar, emprender e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións. Ademais supón a habilidade para traballar tanto individualmente como en equipo, o pensamento crítico e a resolución de problemas. Implica tamén o autocoñecemento e a predisposición a actuar de maneira creadora e imaxinativa, esforzo e determinación á hora de cumprir obxectivos.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- Fomento da conciencia histórica, e da análise crítica do mundo clásico e do actual.
- Elaboración de hipóteses para explicar fenómenos.
- Busca de elementos clásicos que perduran.
- Expresión da opinión sobre comportamentos doutras sociedades e da propia.
- Exercitando o esforzo e a constancia para realizar o traballo.
- Traballando de xeito individual e en equipo ó facer presentacións, redaccións e comentarios.
- Desenvolvemento da capacidade creadora na invención de textos imaxinativos.
- Demostrando determinación á hora de acadar os obxectivos esixidos.
- Demostrando respecto cara a materia, o profesor e os compañeiros.

Aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e orientar a nosa propia actividade. Por elo, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar na *iniciativa persoal e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía*.



### 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

O obxectivo básico do ensino da Lingua e Literatura na ESO é saber utilizar o idioma con precisión e creatividade ó falar, escribir e ler.

Os obxectivos xerais son o principal referente á hora de planificar a nosa práctica como docentes. Deberemos traducilos en aprendizaxes que se expresen en termos de capacidades relacionadas en cada un dos obxectivos, buscando, ante todo, o desenvolvemento harmónico do individuo, a través das distintas áreas.

Distribúense os contidos da materia en bloques que logo se concretarán en unidades didácticas. Ó principio de cada unha deles trataremos de motivar ós alumnos/as a través da lectura de textos atractivos e a realización de actividades que estimulen a aprendizaxe.

Os contidos reflectidos en cada bloque non se referirán unicamente a conceptos, senón tamén a destrezas, técnicas e estratexias de aprendizaxe, de acordo ós estándares de aprendizaxe dados. O mesmo tempo, valores, comportamentos e normas que contribúan ó desenvolvemento integral de cada alumno/a e a un proxecto de sociedade máis respectuosa.

O obxectivo fundamental desta etapa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social, o que hoxe, nunca sociedade da información en continuo cambio, supón modificar e ampliar as tarefas da clase de lingua castelá e literatura máis alá das dirixidas a adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, fundamentalmente literarios. Neste século temos que aceptar un novo concepto de alfabetización: saber cando e por que se necesita información, onde encontrala, e como avaliala, seleccionala, utilízala e comunicala de maneira ética.

Conseguir os obxectivos nesta área implica, polo tanto, non só a adquisición da capacidade lingüística (comunicar e relacionarse, creación do propio pensamento, entender e respectar a súa cultura e outras culturas) senón tamén o dominio do instrumento esencial de aprendizaxe, que permitirá a adquisición das outras competencias.

Existen tres destrezas nucleares do ámbito lingüístico:

- **Falar e escoitar**, que supón ser competente na expresión e comprensión de mensaxes orais en situacións comunicativas diversas.
- **Ler**, que supón ser competente para comprender e usar textos diferentes con diferentes intencións comunicativas.
- **Escribir**, que supón ser competente para compoñer diferentes tipos de textos e documentos con distintas intencións comunicativas.

Ponse o acento nas competencias para elaborar e intercambiar textos orais e escritos diferenciados e axeitados a situacións comunicativas específicas, que respondan a intencións diversas cun uso correcto da linguaxe. Estas tres habilidades nucleares integrarán os elementos do currículo nos distintos bloques de contido que, aínda que, aparecen como bloques, se conectan entre si e son interdependentes.

### *3.1. Obxectivos xerais da etapa: secundaria obrigatoria*

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e estudio da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e as dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferencias, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer el desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural e histórico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para a mantenza da nosa identidade e como medio de expresión e relación persoal.

Resumimos así estes obxectivos xerais nunha táboa, relacionándoos coas competencias clave.

OBXECTIVOS DA ETAPA DA ESO	COMPETENCIAS CLAVE
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	CSC
b) Desenrolar e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe medio de desenrolo persoal.	CAA CSC

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.	CSC
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.	CSC
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.	CD CAA
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.	CAA CD CMCT
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.	CSC CSIEE
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e estudio da literatura.	CCL
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.	CCL
j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e as dos demais, así como o patrimonio lingüístico, artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.	CSC CEC
k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer el desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.	CSC CMCT

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.	CEC
m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural e histórico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.	CSC CCL CEC
n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para a mantenza da nosa identidade.	CCL CEC

### *3.2. Obxectivos específicos da área de lingua castelá e literatura*

A ensinanza da Lingua castelá e Literatura nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
2. Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
3. Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.
4. Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
5. Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
6. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
7. Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e las tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
8. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
9. Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e

os recursos estilísticos.

10. Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
11. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Desenvolver e aplicar os coñecementos sobre morfoloxía, gramática, sintaxe, semántica e ortografía no uso e na reflexión lingüística.
13. Desenvolver e aplicar os coñecementos sobre técnicas literarias, etapas, movementos artísticos, obras, autores e autoras a interpretación de textos e ó enriquecemento cultural e persoal.
14. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
15. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

## 4. CONTIDOS XERAIS PARA A MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

### **Bloque 1. Falar, escoitar e conversar.**

- Propostas de diversos tratamentos didácticos: realización de resumos, esquemas, sínteses, redaccións, debates, traballos de simulación, etcétera., que nos axudan a que os alumnos e alumnas poidan captar o coñecemento de diversas formas.
- Libro de texto, será unha ferramenta máis, xunto coas xa mencionadas, para algúns temas.



- Libro de texto para 3º de ESO: Lengua Castellana y literatura 3º ESO. Editorial Edebé
- O libro de texto escollido para 4º: Lengua Castellana y literatura 4º ESO Edit. Casals.
- Presentacións por ordenador.
- Vídeos ilustrativos e fragmentos de películas.
- Emprego da aula virtual Edixgal para o visionado de arquivos e entrega de tarefas.
- Posible utilización de sistemas de videoconferencias e videoclases
- Obras literarias completas para a súa lectura obrigatoria e análise por parte do alumnado:

Para 3º de ESO:

- La llamada de lo salvaje ----- Jack London
- El bosque animado --- Wenceslao Fernández Flórez
- De ratones y hombres --- Steinbeck

-Selección de contos de varios autores e autoras feita pola profesora, en base á súa calidade literaria.

- Para 4º de ESO:

- Crónica de una muerte anunciada. - Gabriel García Márquez.
- Selección de contos - Edgar Alan Poe
- Bodas de sangre / La casa de Bernarda Alba - Federico García Lorca
- Selección de poemas de varios autores e autoras, feita pola profesora.

Algún dos libros de lectura obrigatorios, de 3º ou 4º de ESO, podería ser cambiado, por decisión da profesora, se fora necesario, para adaptarse á dispoñibilidade de tempo, ou ó nivel de comprensión lectora do alumnado.

## 7.2 Actividades, metodoloxía e recursos en caso de ensino que combine fases presenciais e non presenciais.

Ademais das actividades e recursos mencionadas no apartado anterior, aplicables no ensino presencial, programamos outros telemáticos e non presenciais.

### PARA 1º E 2º DE ESO

<p>ACTIVIDADES</p> <p>Buscarán a autoaprendizaxe e o pensamento crítico.</p> <p>Tamén se incluírán actividades de tipo creativo.</p> <p>Implicarán ademais o uso das TIC</p>	<p>Redacción e envío, mediante Edixgal, de documentos con resumos explicativos, previos á solicitude de actividades.</p> <p>Elaboración e corrección de follas de tarefas e exercicios, de lingua e literatura, por parte da profesora, baseadas no que se está dando e centradas nos estándares básicos. Esas follas serán subidas con prazos de entrega, a Edixgal para que o alumnado as conteste.</p> <p>Tamén serán enviadas por correo electrónico, a alumnos concretos, que en momentos puntuais planteen problemas de conexión, ata que estos se solucionen.</p> <p>Indicación, por medio de Edixgal e do correo electrónico, de certas fotocopias e páxinas do libro de texto que o alumnado deba repasar (material que teña na súa casa)</p> <p>Deseño, solicitude e corrección de exercicios creativos por parte da profesora: elaboración dun microrrelato, dun micropoema, de greguerías e de exemplos inventados de distintos recursos estilísticos.</p> <p>Envío de pequenos textos literarios para lectura comprensiva, con preguntas sobre o contido, elaboradas e corrixiadas pola profesora.</p>
--	---

	<p>Exercicios para traballar as habilidades de manexo na aula virtual Edixgal e conexión a videoconferencias explicativas sobre a materia.</p>
<p>METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>O alumnado recibe o repaso e as explicacións pertinentes, por escrito, de como facer os exercicios solicitados e de aspectos que poideran plantexarlles algunha dificultade. Isto faise a través de Edixgal e do correo electrónico.</p> <p>O alumnado fai as tarefas solicitadas e envíaas mediante Edixgal (ou por correo electrónico se ten algún problema concreto.)</p> <p>Indícaselles follas do libro de texto e fotocopias que poden repasar e que están no seu poder en casa.</p> <p>Contestanse as súas dúbidas a través de mensaxes por Edixgal e por correo electrónico.</p> <p>Tamén, a través de Abalar, do teléfono ou do correo electrónico, se contestan as dúbidas puntuais que poden plantexar algúns pais e nais.</p> <p>Acordarase un horario de clases virtuais mediante videoconferencias, en caso de confinamento temporal por motivos de corentena.</p> <p>Establécese contacto habitual cos titores, co equipo directivo e co resto do profesorado mediante grupos de WhatsApp e videoclaustros, para informar e recibir información sobre o alumnado.</p> <p>(Os poucos casos que se detecten con problemas de conexión, terán tamén opción a acceder a información e tarefas a través do móbil, ata que lles sexan facilitados medios para conectarse.)</p>

MATERIAIS E RECURSOS	<p>Fotocopias e libro de texto en papel, facilitados ó alumnado durante as etapas presenciais, Libros de lectura facilitados nas fases presenciais.</p> <p>Enlaces de páxinas e vídeos subidos á aula virtual.</p> <p>Arquivos e exercicios subidos pola profesora a Edixgal.</p> <p>Edixgal para a información, mensaxes, recollida de documentos e tarefas do alumnado.</p> <p>Abalar móbil para conexión con país, nais e alumnos.</p> <p>Correo electrónico para a información, mensaxes, recollida de documentos e tarefas do alumnado (no caso de que teña algún problema temporal con Edixgal.)</p> <p>A través do teléfono do centro, para situacións moi concretas, nas que non sexa posible conectar con outros medios.</p> <p>WhatsApp e correo electrónico, para notificacións e conversas laboráis co profesorado.</p> <p>Webex e Jitsi para videoclases e videoclaustros.</p>

## 8. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### 8.1 Características e proceso da avaliación

A avaliación será o noso instrumento de comprobación e de orientación, pero tamén de realimentación, en canto nos permite redefinir obxectivos e estratexias, é dicir, reprogramar. Será continua, formativa, interna e procesual, na que se articulen as peculiaridades do alumnado coas directrices esenciais do sistema. Consideramos que o proceso avaliador non debe efectuarse só ó final dun período educativo, senón ó rematar cada fase, e durante estas para, ademais de diagnosticar o punto de partida, orientar en cada momento o aprendizaxe e adaptar contidos e actividades ás características peculiares dos escolares.

Son catro os obxectivos esenciais de todo proceso avaliador no ámbito educativo:

- Adecuar as actividades pedagóxicas ás características de cada educando. É esencial coñecer o punto do que debe partir a acción docente: [Avaliación inicial](#).
- Determinar o desenvolvemento e adecuación das actividades educativas, adaptándoas ás necesidades concretas do alumnado, e detectar o grado de regulación ou asimilación dos elementos curriculares, para orientar o proceso: [Avaliación procesual](#).
- Medir a consecución dos rendementos e o grado de éxito ou fracaso do proceso: [Avaliación final](#).
- Detectar os fallos ou modificacións que se deben recoller nas actas do Departamento, reflexar na memoria final de curso e aplicar á programación do curso seguinte: [Autoavaliación da programación](#)

Deberán ser avaliados:

- Os obxectivos, tanto de Etapa como de Area. A súa consecución progresiva permite redefinilos ou profundar en aspectos non adquiridos.
- Os contidos, sobre os que se deben exercer reformulacións e adaptacións, en función da súa propia natureza e da consecución dos obxectivos. En cada Area son obxecto de avaliación os diferentes estándares de aprendizaxe.
- O nivel de consecución das competencias clave.
- As actividades ou formas externas que facilitan o aprendizaxe, mediante as que potenciamos as capacidades dos escolares.
- Os métodos ou procedementos empregados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o sistema empregado na aula.

## 8.2 Instrumentos da avaliación

Consideramos que para realizar unha adecuada intervención educativa, é necesario propoñer unha avaliación ampla e aberta á realidade das tarefas de aula e das características do alumnado, con especial atención ó tratamento da diversidade.

Os instrumentos de avaliación defínense como aqueles documentos ou rexistros utilizados polo profesorado para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado. De esta forma a avaliación debe apoiarse na recollida de información. Por elo é necesario que o equipo de profesores determine as características esenciais dos procedementos de avaliación; entre elas subliñamos as seguintes:

- Ser moi variados, de modo que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e contidos curriculares e contrastar datos da avaliación dos mesmos aprendizaxes obtidos a través dos distintos instrumentos que posúen.
- 
- Poder ser aplicados, algúns deles, tanto polo profesor como polos alumnos/as en situacións de autoavaliación e de coavaliación.
- Dar información concreta do que se pretende avaliar, sen introducir variables que distorsionen os datos que se obteñan coa súa aplicación.
- Utilizar distintos códigos (verbais, sexan orais ou escritos, gráficos, numéricos, audiovisuais, etcétera) cando se trate de probas dirixidas ó alumnado, de modo que se adecúen ás distintas aptitudes y que o código non mediatice o contido que se pretende avaliar.
- Ser aplicables en situacións máis ou menos estruturadas da actividade escolar.
- Permitir avaliar a transferencia dos aprendizaxes a contextos distintos de aqueles nós que se adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade e a adquisición das competencias básicas.

A continuación enumeramos algúns dos procedementos e instrumentos que se poden empregar para avaliar o proceso de aprendizaxe:

### Observación sistemática

- Observación directa do traballo na aula, biblioteca, etc...
- Revisión dos exercicios de clase.
- Rexistro anecdótico persoal para cada un dos alumnos/as .
- Rúbricas
- Probas escritas de autoavaliación e coavaliación

## **Analiza-las producións dos alumnos/as**

- Resumos.
- Actividades en clase (problemas, exercicios, respostas a preguntas, etc.).
- Producións escritas (textos creativos, comentarios de texto)

## **Avaliar as exposicións orais dos alumnos/as**

- Debates
- Lecturas en voz alta (no caso de textos literarios, lecturas dramatizadas.)
- Exposicións de temas, en grupo o individualmente, ou participación oral respondendo a preguntas sobre temas tratados en clase.

## **Realizar probas escritas específicas**

- Obxectivas (probas escritas ou exames) que incluírán:
  - Respostas abertas (comentarios de texto, preguntas para desenvolver)
  - Resolución de exercicios
  - Preguntas pechadas

## **Mecanismos de recuperación**

O feito de tratarse dunha avaliación procesual, en 1º e 2º de ESO o profesorado opta por realizar unha avaliación progresiva das capacidades do alumnado, como se indica nos criterios de avaliación, onde se valorará o seu desenvolvemento progresivo, de xeito que unha mellora nas competencias clave do alumno/a ó longo do curso, será o criterio a seguir para obter á superación da materia, sempre e cando, ó final do curso, chegue á consecución dos estándares mínimos avaliábeis. Haberá exames de recuperación, en datas comunicadas polo profesorado, con antelación suficiente, e tamén a avaliación extraordinaria estipulada, para aqueles que non aproben antes a materia.

En 3º e 4º de ESO, ademais dunha análise da evolución progresiva das capacidades do alumnado e da súa mellora nas competencias clave e consecución dos estándares de aprendizaxe, a profesora dará a opción de probas de recuperación, tras a primeira e segunda avaliación, e a avaliación extraordinaria estipulada, para aqueles que non aproben antes a materia.





### 8.3 Propostas de rúbricas e rexistros para a autoavaliación e coavaliación do alumnado

O profesorado presentará ó alumnado só aquelas que considere oportunas e adaptadas para cada curso e grupo no que imparte clase.

AUTOAVALIACIÓN DE COMPRENSIÓN DE TEXTOS					
Alumno/a:	Nivel de consecución			¿Qué poderías mellorar?	¿Cómo poderías facelo?
	Casi sempre	As veces	Nunca		
Tento comprender todas as palabras do texto. Se algunha e nova busco o seu significado,					
Resumo o argumento en poucas liñas recollendo ó esencial.					
Identifico e expreso sinteticamente l as ideas principais e as secundarias.					
Comprendo o sentido global do texto e respondo correctamente preguntas sobre el					
Comprendo e explico o texto de xeito detallado					
Atopo conexión ou exemplos clarificadores sobre algún contido do texto					
Relaciono o texto có momento histórico-social no que foi escrito.					
Identifico técnicas literarias, recursos estilísticos e métrica.					
Utilizo o dicionario por iniciativa propia para os textos de clase.					
Busco información para ampliar aspectos e afondar					

## COAVALIACIÓN DAS NORMAS ORTOGRÁFICAS

**Alumno/-a avaliado/-a:**


**Alumno/-a avaliador/-a:** .....

Indica en que grao aplica as normas ortográficas o teu compañeiro/a

	DOMINA A NORMA			Plan para corrixir as deficiencias
	Sempre	As veces	Nunca	
Regras de acentuación				
Uso de b e v				
Emprego da h				
Acento diacrítico				
Uso de s/x				
Uso de maiúsculas				
Signos de puntuación				
Grupos consonánticos ct e cc				
Outras				

## DIANA PARA A AUTOAVALIACIÓN DO TRABALLO COOPERATIVO


Le con atención cada un dos textos que aparecen arredor da diana e marca cunha cruz as interseccións correspondentes de acordo con estes indicadores de logro.



Une as cruces que poñas e obterás un polígono. Canto maior sexa a área do polígono, máis alta será a puntuación.

¿En cales dos puntos detallados na diana poderías mellorar? Indica como.


## DIANA DE COAVALIACIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO



## DIANA PARA A AUTOAVALIACIÓN DO TRABALLO E O ESFORZO NA CLASE

Le con atención cada un dos textos que aparecen arredor da diana e marca cunha cruz as interseccións correspondentes, segundo o criterio que aparece neses puntos. Une as cruces, canto maior sexa o polígono, maior será a puntuación. Indica en que puntos poderías mellorar e como.

1. Nunca.
2. Ás veces.
3. Case sempre.
4. Sempre.



## ESCALA DE AUTOAVALIACIÓN DE PROXECTOS

**Escoge una opción: 1 *Insatisfactorio*, 2 *Suficiente*, 3 *Bastante satisfactorio*, 4 *Moi satisfactorio***

Intereseime sempre por avanzar de xeito ordenado segundo ás indicacións dadas.	1	2	3	4
Lin/mirei con atención os textos e vídeos das diferentes actividades e participei nas reflexións	1	2	3	4
Conseguín comprender a información, localizar exemplos e extraer os trazos dos vídeos	1	2	3	4
Atendín, apliquei ou resolvín as actividades con acerto. Cubrín os cadros e fichas	1	2	3	4
Atendín ás listas, modelos e guías que se ofreceron na secuencia	1	2	3	4
Corresponsabiliceime na planificación e revisión do guión.	1	2	3	4
Fun quen de mellorar a locución e a linguaxe.	1	2	3	4
Participei activa e coordinadamente en el ensaio e na gravación	1	2	3	4
Fixen valoracións con criterio nos ensaios dos demais.	1	2	3	4
Intentei superar as dificultades revisando as tarefas, buscando alternativas...	1	2	3	4
Comuniqueilles ós compañeiros/as as miñas ideas e aportacións de boas maneiras	1	2	3	4
Colaborei cós demais sempre dentro das miñas posibilidades	1	2	3	4
Intercambiamos reflexións e propostas no grupo	1	2	3	4
Mantivemos un ambiente de traballo adecuado	1	2	3	4

### REXISTRO DE AUTOAVALIACIÓN DE ACTITUDES

Nome:	Curso:	Data:	
	<b>Sempre</b>	<b>A maioría das veces</b> <b>2</b>	<b>Poucas veces</b>
Organicei o meu tempo			
Fun responsable e organicei as miñas tarefas.			
Aprendín os contidos e as técnicas da unidade			
Mostrei interese e esforzo en aceptar e corrixir os meus erros			
Cooperei e fun respectuoso nas tarefas realizadas en grupo			
Tomei medidas para mellora a miña aprendizaxe			
<b>Resultado global</b> (suma puntuación ÷ 6) = <input style="width: 80px; height: 20px;" type="text"/>			
Resultado inferior a 2		A túa actitude debe mellorar	
Resultado igual a 2		A túa actitude pode mellorar	

### AUTOAVALIACIÓN DE COMPETENCIAS

Son capaz de...	Sempre <b>3</b>	Ás veces <b>2</b>	Nunca <b>1</b>
Recoñecer as diferentes clases de palabras?			
Identificar en textos diversos unha estrutura persuasivo-argumentativa?			
Usar o punto, a coma e o punto e coma para cohesionar un texto?			
Comprender e producir textos orais e escritos?			
Encontrar información de forma autónoma?			
Seleccionar información a partir de diversas fontes?			
Traballar en equipo?			
Respectar as opinión do compañeiros/as?			

## 8.4 Proposta de rúbricas e rexistros para a avaliación do alumnado

Presentamos algunhas das rúbricas posibles para a avaliación dos estándares de aprendizaxe das unidades didácticas. O profesorado empregará só aquelas que considere oportunas, e vexa máis adaptadas a cada curso e grupo no que imparte clase. Tamén pode, ó longo do curso, substituílas e idear outros sistemas para rexistrar a información.

RÚBRICA TEMA : LINGUA E LITERATURA CASTELÁ CURSO: E.S.O. GRUPO :

ESTÁNDARES AVALIABLES																			
MAYOR INDIC. DE LOGRO																			
INSTRUMENTOS AVALIAC.																			
COMPETENCIAS																			
ALUMNO/A																			

INDICADORES DE LOGRO	ESTÁNDARES BÁSICOS	ESTÁNDARES NON BÁSICOS	
	4	2	
3	1,5		NOTABLEMENTE CONSEGUIDO
2	1		CONSEGUIDO
1,5	0,5		POUCO CONSEGUIDO (EN PROCESO)
1	0		NON CONSEGUIDO



## ESCALA DE OBSERVACIÓN DO CADERNO OU DAS ACTIVIDADES DE CLASE

	SI			AS VECES			NON	PROPOSTAS DE MELLORA
	1	2	3	1	2	3		
Nome, curso e data na que das actividades								
Índica o tema, nº de exercicio e onde atopalo								
Respecta as marxes e distribúe ben o espazo								
Orde e limpeza								
Coida a ortografía.								
Fixo correccións cando foi necesario.								
Está completo, con todas as actividades								

## REXISTRO DE ANÁLISE DOS TEXTOS

Alumno/a	Identifica os elementos distintivos do texto	Responde ás preguntas de análise de forma	Xustifica as respostas desde a teoría traballada	Describe as características dos distintos tipos de textos	Atopa exemplos no texto das características do tipo de texto	Argumenta de maneira lóxica as respostas con ideas propias	Establece relacións coa época ou situación na que se desenvolve o texto
<b>Moi conseguido : 4</b>	<b>Conseguído: 3</b>	<b>Pouco conseguido: 2</b>	<b>Non conseguido:1</b>				

**REXISTRO DE AVALIACIÓN DOS CONCEPTOS GRAMATICAIS**

<b>Alumno/a:</b> ..... Moi conseguido.....4 Conseguido.....3 Pouco conseguido....2 Non conseguido.... 1  Conseguido: <b>C</b> No conseguido: <b>NC</b>	Coñece o termo	Sabe cal é a súa función na lingua	Pode explicar o que é, o seu uso e poñer exemplos	Identifica o elemento da lingua en calquera contexto	Utiliza este elemento con corrección cando escribe	Utiliza este elemento con corrección cando fala	Propostas de mellora
Os fonemas							
As palabras							
O substantivo.							
O adxectivo							
Os determinantes							
O pronome persoal							
Outros pronomes							
O verbo							
O adverbio							
A preposición							
A conxunción							
Verbos regulares							
Verbos irregulares							
As frases ou sintagmas							
A oración							
Suxeito e predicado							
Os complementos							
As modalidades oracionais							

## REXISTRO DE AVALIACIÓN DOS COMENTARIOS SOBRE LECTURAS

	Sempre 4	Casi siempre 3	A veces 2	Nunca 1
Presta atención á lectura.				
Responde correctamente ás preguntas de comprensión.				
Nas actividades de expresión oral fai referencias explícitas ó texto sobre o que se traballou				
Identifica o contexto e as implicacións do texto lido.				
Aporta ideas propias e orixinais na redacción das respostas ou dos textos libres.				
Escribe reflexións ou producións sobre o tema do texto, con corrección ortográfica.				
Analiza o texto con criterio propio e argumentación lóxica.				
Relaciona os contidos do texto con situación ou temas próximos á experiencia propia ou de outros ámbitos				

## REXISTRO DE AVALIACIÓN DE COLOQUIOS

ALUMNO/A	Expresión oral (CCL)	Auto- co-rrección (CCAA)	Escoita activa (CCL)	Argumentación (CCEC)	Intervención (CSC)	Participación (CSIEE)	FINAL

INDICADORES DE LOGRO. **Moi ben: 4 Ben: 3 Regular :2 Mal :1**

<b>REGISTRO DE AVALIACIÓN DE DEBATES</b>									
<b>ALUMNO/A</b>	Traballo previo (Contidos) <b>(CAA)</b>	Preparación del tema (Fontes) <b>(CD)</b>	Expresión oral <b>(CCL)</b>	Auto-corrección <b>(CAA)</b>	Escoita activa <b>(CCL)</b>	Argumentación <b>(CCEC)</b>	Intervención <b>(CSC)</b>	Participación <b>(CSIEE)</b>	<b>FINAL</b>

<b>RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>				
	<b>4</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>1</b>
<b>PRESENTACIÓN</b>	Enténdese claramente a letra. Limpo, ordenado, sen borróns e con marxes adecuadas.	Enténdese ben, aspecto xeral de limpeza. Garda case sempre as marxes	Enténdese case todo pero hai borróns.	Non se entende ou o aspecto e pouco limpo
<b>ELABORACIÓN</b>	Hai planificación previa, está ben estruturado e cunha conclusión clara.	Algunha planificación pero ten algunha deficiencia. Está bastante ben estruturado e con conclusión clara.	Sen preparación previa. Fallos na estrutura ou conclusión non moi clara	Sen planificación, fallos importantes de estrutura e a conclusión non é clara.
<b>CLARIDADE, COHERENCIA E COHESIÓN</b>	Redacción clara e coherente.  Ben cohesionado. Enténdese todo.	Ideas claras pero pouca precisión ao transmitilas.	Hai algunhas ideas confusas e non se entende ben o que quere dicir.	Falta de claridade na redacción e na exposición de ideas. Ideas inconexas.
<b>VOCABULARIO</b>	É preciso. Riqueza semántica no tema tratado.	Correcto e preciso pero pouco abundante.  Uso forzado dalgunhas palabras.	Pouco rico ou pouco específico para o tema.	Vocabulario moi pobre e con erros
<b>ORTOGRAFÍA</b>	Sen erros ortográficos	5 erros ortográficos como máximo	Entre 5 e 10 erros ortográficos	Máis de 10 erros ortográficos

## RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE EXPOSICIÓNS ORAIS

	4	3	2	1
<b>CONTIDOS</b>	Contidos relevantes, exemplos, conexións coa vida ou outras materias	Contidos relevantes pero sen exemplos e sen transferencia	Contidos pobres pero coherentes e relacionados co tema	Contidos moi escasos ou non se entenden.
<b>VOCABULARIO</b>	Riqueza léxica e corrección normativa	Adecuado para o tema pero con algún erro nas palabras	Básico pero úsao de forma correcta.	Pobre e non describe con exactitude o tema tratado.
<b>EXPRESIÓN</b>	Construcións gramaticais complexas. Sempre mantén a concordancia gramatical.	Construcións gramaticais simples pero correctas.  Algún erro, incluso de concordancia	Construcións gramaticais pobres e con moitos erros	Construcións gramaticais erróneas.
<b>ESTRUTURA</b>	Discurso ben estruturado e sen deixar nada importante	Estrutura clara pero deixa algún punto sen tratar.	Hai estrutura pero só a segue ao 50%	Non hai estrutura e non segue unha orde lóxica.
<b>EMPREGO DA LINGUA</b>	Emprega os coñecementos lingüísticos de maneira natural no seu discurso. Fala todo o tempo en lingua galega con corrección. Exprésase con fluidez.	Non emprega todos os coñecementos lingüísticos nin sempre os introduce de xeito natural.  Fala sempre en galego.  Exprésase con fluidez.	Suponlle un esforzo empregar os coñecementos traballados.  Utiliza palabras en castelán.  Pouca fluidez.	Emprega poucos coñecementos lingüísticos dos traballados no curso ou en cursos anteriores.

## RÚBRICA DE APRENDIZAXES DE LITERATURA

	4	3	2	1
Movimentos literarios, autores/as e obras	<p>Coñece con profundidade os distintos autores e autoras, e describe as súas características literarias.</p> <p>Coñece os datos relevantes da biografía e enlázaos coa obra.</p> <p>Identifica e describe as principais obras do autor ou autora.</p> <p>Enmarca o autor/-a no movemento ou tempo correcto e analiza o impacto sobre a obra.</p>	<p>Coñece os datos biográficos, as obras e as características da obra.</p> <p>Enlaza estas características con aspectos da biografía, pero falta argumentación sobre as afirmacións que fai ou non é completa.</p>	<p>Coñece a maior parte dos datos sobre a biografía, obra e movemento ao que pertencen os autores e autoras, pero non relaciona estes aspectos ou faino esporadicamente.</p>	<p>Confunde ou descoñece a información necesaria sobre o autor ou autora, obras ou movemento ao que pertence.</p>
Contexto sociocultural	<p>Describe con profundidade o contexto sociocultural do autor/- a ou do movemento literario.</p> <p>Correlaciona, con argumentación propia, o impacto do contexto coas características do movemento ou do autor/-a.</p>	<p>Describe o contexto sociocultural do autor/- a ou do movemento.</p> <p>Relaciona ambos contidos, pero a argumentación é escasa ou non reflicte reflexión propia.</p>	<p>Describe e coñece o contexto sociocultural, pero non o relaciona co autor/-a ou co movemento.</p>	<p>Non coñece ou confunde aspectos relevantes do contexto sociocultural.</p>
Obras literarias	<p>Coñece as obras literarias traballadas, investiga sobre elas ou proporciona algunha máis.</p> <p>Describe as características de maneira razoada e enmarca a obra no contexto persoal e sociocultural do</p>	<p>Coñece as obras traballadas. Describe as súas características e enmarca a obra no contexto do autor/-a.</p>	<p>Coñece a maior parte (en torno ao 80%) das obras traballadas.</p> <p>Describe algunha característica, pero non relaciona sempre a obra co autor/-a.</p>	<p>Confunde ou descoñece as obras traballadas ou non coñece as súas características.</p>

Reflexión persoal	<p>Na descrición das obras literarias realiza interpretacións persoais derivadas dunha reflexión crítica sobre as mesmas.</p> <p>Relaciona a literatura coa súa vida e atopa exemplos ou conexións vitais para argumentar as súas ideas.</p>	<p>Realiza contribucións persoais ao falar das obras literarias, pero a argumentación é escasa.</p> <p>Establece conexións coa vida persoal ou co contexto social no que se desenvolve.</p>	<p>Realiza algunha contribución persoal, pero pouco argumentada ou razoada.</p> <p>Non transfire a obra literaria ao contexto real.</p>	<p>Ten dificultades para elaborar interpretacións ou contribucións persoais sobre as obras literarias.</p>
-------------------	--	---	---	--

<b>RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE</b>			
<b>TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL</b>		<b>MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
<b>DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN</b>	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar contidos significativos de acordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos.	Seleccionar contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe a a información gráfica.	
<b>DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN</b>	Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poner en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas de dificultad e progresiva, de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.	



E D E S E N V O L V I M E N T O	Ten dificultades.	Seleccionar aquellas tareas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.	
MOTIVACIÓN	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar el interes y la motivación con actividades e tareas más procedimentales y próximas a su realidad.	
DIVERSIDADE EN RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	Encontra solucións aos problemas que se formulan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Encontra solucións aos problemas que se formulan nalgunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se propoñen.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.	
DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar a expresión oral e escrita para melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades con nivel necesario para que o alumnado adquira ás ferramentas necesarias que lle permitan mellorar	

## *Crterios xerais de avaliación e cualificación*

Mantéñense en primeiro lugar, os seguintes criterios de avaliación que constitúen un compendio dos recollidos no currículo oficial da materia, criterios que figuran detallados na táboa presentada nesta mesma programación, e que resumimos a continuación:

- Captar a intención comunicativa e a idea xeral e secundaria dos textos orais social e academicamente próximos ó alumnado; identificar a información relevante en textos audiovisuais; e seguir instrucións para a realización autónoma das tarefas de aprendizaxe.
- Comprender a intención comunicativa e captar a relación entre a idea xeral e as secundarias de textos escritos próximos á experiencia do alumnado e seguir instrucións de certa extensión para elaborar deducións.
- Narrar, expoñer, resumir, explicar e comentar, en soporte papel e dixital, usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade e cohesión, respectando as normas gramaticais e ortográficas, e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.
- Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas próximos ó contorno do alumnado, claras e estruturadas, coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC.
- Expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade do alumnado; recoñecer a estrutura e os elementos de xénero, valorar o uso da linguaxe e o punto de vista do autor. Diferenciar contido literal e sentido da obra. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión dos textos.
- Identificar en textos orais e escritos a presenza dun uso sexista da linguaxe ou de valoracións discriminatorias sobre colectivos ou culturas distintos.
- Aplicar os coñecementos literarios na comprensión e valoración de fragmentos, atendendo ao xénero, aos temas e motivos da tradición, á caracterización dos subxéneros, a versificación e a funcionalidade dos recursos retóricos máis relevantes.
- Compoñer textos en soporte papel ou dixital, tomando como modelo textos literarios ou realizar transformacións neses textos.
- Aplicar os coñecementos sobre lingua e as normas de uso lingüístico.
- Analizar, desde unha perspectiva morfosintáctica, oracións simples e compostas.
- Explicar, identificar e exemplificar os principais conceptos e elementos semánticos.

- Coñecer unha terminoloxía lingüística básica nas actividades.
- Valorar a realización de tarefas encargadas para traballar fora do horario escolar, como deberes encargados para realizar na casa, na biblioteca, en aulas anexas como a aula de informática ou de audiovisuais, traballos para entregar , fichas de ortografía, exposición de traballos, colaboracións para o blog, redaccións, traballos con prensa e publicidade...
- Extraer as ideas principais e os datos relevantes de presentacións dunha certa extensión ou de conferencias non moi extensas e identificar o propósito, a teses e os argumentos de declaracións ou de debates públicos en medios de comunicación ou no marco escolar.
- Identificar e contrastar o propósito en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación; comprender instrucións que regulan a vida social e procesos de aprendizaxe complexos; inferir o tema xeral e temas secundarios; distinguir como se organiza a información; contrastar explicacións e argumentos e xulgar a eficacia dos procedementos lingüísticos usados.
- Expoñer, explicar, argumentar, resumir e comentar, en soporte papel ou dixital, usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando os enunciados en secuencias lineais cohexionadas, respectando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.
- Realizar presentacións orais claras e ben estruturadas sobre temas relacionados coa actividade académica ou a actualidade social, política ou cultural que admitan diferentes puntos de vista e diversas actitudes ante eles coa axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Expoñer unha opinión ben argumentada sobre a lectura persoal de relatos de certa extensión e novelas dende o século XVII ata a actualidade; avaliar a estrutura e o uso dos elementos do xénero, o uso da linguaxe, o punto de vista e o oficio do autor; relacionar o sentido da obra co seu contexto e coa propia experiencia.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión, análise e valoración de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente as innovacións dos xéneros e das formas (na versificación e na linguaxe) na literatura antiga e contemporánea.
- Aplicar os coñecementos literarios adquiridos no comentario de textos literarios dados, con certo detalle e profundidade, tanto desde a perspectiva do contido como da forma.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión autónoma dos textos.
- Coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada na reflexión sobre o uso.

### Tamén incluímos:

- A consecución dos obxectivos xerais de etapa e de área sinalados na programación, que recollen os obxectivos marcados pola Xunta de Galicia.
- 
- A asimilación dos contidos recollidos polo currículo, anteriormente expostos, o desenvolvemento das competencias sinaladas e a superación dos estándares co seu correspondente grao mínimo de consecución.

### *8.6 Avaliación Inicial*

Propoñemos, como avaliación inicial, certas probas para comprobar o nivel das competencias, os estándares superados e os coñecementos do alumnado que chega a cada curso da ESO. Isto servirá para detectar os acertos e dificultades, e adoptar as medidas necesarias para tentar superalas (repaso, repetición de explicacións, elaboración de exercicios para insistir en certos aspectos, revisión e ralentización á hora da secuenciación de unidades didácticas...) Os resultados poranse en común cós das outras materias nunha reunión do profesorado fixada por acordo a principios de outubro.

#### Avaliación inicial para 1º e 2º de ESO

Setembro : Dúas sesións

A Avaliación inicial para 1º e 2º de ESO consistirá nunha serie de probas orais e escritas, previo exame dos informes sobre o grao de consecución das competencias clave ó final do curso anterior. Nas probas avaliaranse a Expresión oral, a Expresión escrita, a Comprensión lectora, o Vocabulario, a Ortografía, os coñecementos de Gramática e literatura, o pracer pola lectura. As probas de 2º, aínda que na súa maior parte traten os mesmos aspectos, terán un grao de dificultade un pouco maior que as de primeiro.

Unha vez examinada toda a documentación e probas realizadas a cada un dos alumnos/as, na sesión de avaliación inicial, adoptaranse as medidas adecuadas en cada caso: Reforzos e adaptacións curriculares (se procede)

## Avaliación inicial para 3º e 4º de ESO

Setembro : Dúas sesións

Propoñemos como avaliación inicial un par de probas para comprobar as competencias e os coñecementos que trae o alumnado chegado a 3º e 4º de ESO:

- **A primeira proba** consistirá nun texto literario de nivel medio.

O alumno/a terá que lelo e voz alta. Iso permitirá coñecer a súa capacidade lectora, a súa mecánica de lectura: soltura, entoación, pausas, ritmo...

A continuación terá que elaborar un comentario de texto: interpretalo, identificando o tema, idea central e ideas secundarias. Pediráselle que o explique detalladamente e que aplique os seus coñecementos previos sobre recursos estilísticos e técnicas literarias (narrador, personaxes, espazo, tempo) que nos cursos do primeiro ciclo debería ter adquirido de xeito básico. Tamén deberá responder a preguntas formuladas sobre o contido e ser capaz de facer un resumo. Todo isto servirá para observar o seu nivel de comprensión lectora, a súa capacidade de expresión verbal, o seu xeito de redactar (cohesionado, coherente, creativo...) o seu dominio léxico e a súa ortografía.

Poderían incluírse nesas preguntas algunhas para coñecer o seu nivel de creatividade, pedíndolle que invente a partir dalgúns recursos estilísticos, que imaxine un final ou continuación do texto, e que elabore xuízos críticos sobre o que acaba de ler.

- **A segunda proba** centrarase en cuestións de morfoloxía e sintaxe. A partir do texto, deberá identificar categorías gramaticais, analizar sintagmas, identificar complementos verbais e analizar sintacticamente dúas oracións seleccionadas. Para o alumnado que chega a 3º, a análise limitarase a oracións simples sinxelas. O alumnado que pasa a 4º analizará oracións simples cun grao de dificultade algo maior e diferenciará oracións simples de compostas. Tamén, os de ambos cursos, deben responder a preguntas sobre sinónimos e antónimos que se poidan buscar, conectores textuais, aspectos de coherencia e cohesión, e sobre normas gramaticais básicas.

Unha vez examinada toda a documentación e probas realizadas a cada un dos alumnos/as, na sesión de avaliación inicial, adoptaranse as medidas adecuadas en cada caso: reforzos, se procede. Nalgún caso concreto de dúbida con algún alumno/a, e dada xa a existencia de desdobres, e dun PMAR para atender á diversidade, as medidas de reforzo individual poderían pospoñerse ata pasada a 1ª Avaliación, para ver a evolución real dese alumno/a.

## 8.7 Criterios de cualificación: medidas para a avaliación do alumnado.

### 8.7.1 Avaliación en caso de ensino totalmente presencial.

#### **PARA 1º E 2º**

A información da avaliación farase en tres partes ó longo do curso, coincidindo coas avaliacións oficiais. Haberá ademais unha avaliación final

En cada avaliación haberá exames ou probas escritas, que combinarán aspectos de lingua e literatura, elaborados de acordo cos estándares correspondentes, exames que contarán un 70% da nota. O outro 30% da nota será avaliado mediante exercicios, tanto orais como escritos, feitos en clase e en casa, contarán tamén na nota, probas sobre lecturas e a participación nun proxecto, coa entrega dun traballo proposto polo profesor ou profesora. Os exercicios, traballos, lecturas e o texto literario formarán parte da nota pero non substituirán ós exames ou probas escritas. Así, a distribución será a seguinte:

PROBAS ESCRITAS QUE COMBINAN ASPECTOS DE LINGUA E LITERATURA	LIBRO DE LECTURA OBRIGATORIA	EXERCICIOS ESCRITOS, ORAIS, DIXITAIS, TRABALLOS...	TEXTOS CREATIVOS (PROXECTO)
70%	15%	10%	5%

#### **Condicións necesarias para superar cada unha das tres avaliacións (1ª, 2ª e 3ª), nos cursos 1º e 2º**

A nota total, contando exames, exercicios escritos, orais, lecturas, traballos e proxectos (textos creativos) terá que ser igual ou superior a 5.

-Teranse en conta, ademais a corrección dos exercicios, o esforzo amosado polo alumno/a e a entrega ou realización dentro do prazo solicitado. Isto valerá tanto para os exercicios e traballos feitos en clase como para os que deberán facer na casa.

-Os alumnos e alumnas que non superen a materia nas tres avaliacións, terán, ó longo do curso, a posibilidade dun exame de recuperación delas. Para aprobalo, deberán obter unha nota igual ou superior a 5.

#### **A avaliación final:**

-A nota da avaliación final será a media das tres avaliacións. Para facer esa media, as tres avaliacións deberán ter unha nota igual ou superior a 5. Polo tanto, o aprobado esixirá as tres avaliacións aprobadas cunha nota igual ou superior a 5.

- O alumnado que non aprobase unha ou varias avaliacións, ou ó que a media delas non lle dea unha nota igual ou superior a 5, deberá

recuperalas, cos exames correspondentes, antes da avaliación final, para poder aprobala. Os exames, centrarase nos estándares básicos do curso, de lingua e de literatura, traballados en cada avaliación, valorados sobre 10 puntos, e o aprobado, esixirá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

### **PARA 3º E 4º**

A información da avaliación farase en tres partes ó longo do curso, coincidindo coas avaliacións oficiais. Haberá ademais unha avaliación final

En cada avaliación haberá como mínimo dous exames ou probas escritas, centrados en aspectos de lingua e aspectos de literatura, elaborados de acordo cos estándares correspondentes, exames que contarán un 70% da nota.

O outro 30% da nota será avaliado a partir de varias cousas: unha proba sobre o libro de lectura de cada trimestre (15%), exercicios, tanto orais como escritos (10%), e a participación nun proxecto ou traballo centrado na elaboración de textos creativos (5%). A distribución será a seguinte:

- PROBAS ESCRITAS CENTRADAS NOS ESTÁNDARES DE LINGUA E NOS ESTÁNDARES DE LITERATURA	- EXERCICIOS PRESENCIAIS - COMENTARIOS DE TEXTO - INTERVENCIÓNS ORAIS - TRABALLOS - EXERCICIOS TELEMÁTICOS	LIBRO DE LECTURA  Específica para LCLB4.1.1 3º e 4º  Na mesma proba avalíanse máis estándares de lingua e literatura ( comprensión e expresión escrita)	TEXTO CREATIVO (PROXECTO)  Estándar LCLB.2.7.3 <b>para 3º de ESO</b>  Estándares: LCLB4.5.1 e LCLB4.5.2 <b>para 4º de ESO</b>
70%	10%	15%	5%

(Queremos aclarar que, a diferenza do que quizais suceda noutras materias, nesta, hai estándares que poden secuenciarse e moitos outros que son dificilmente individualizables á hora de ser avaliados. Así por exemplo, cando avaliamos a comprensión e expresión escrita do alumnado con respecto a textos literarios, temos en conta a súa habilidade de análise literario, a súa aplicación á practica de aspectos teóricos e a súa capacidade de redacción, pero tamén entran na avaliación aspectos relacionados coa ortografía, o léxico e a gramática que necesita empregar nesa redacción, e que son estándares de lingua. Do mesmo xeito, en certas preguntas teóricas sobre cuestións de lingua, estamos

avaliando tamén a capacidade para redactar con claridade, a expresividade e o sentido da estética, aspectos que conectan coa literatura. O mesmo sucede coa lingua oral: a expresión oral é avaliada mediante exercicios orais, pero a comprensión oral tamén se avalía de xeito escrito, por exemplo, cada vez que o profesorado lle pide ó alumnado unha explicación ou resumo escrito do que explicou oralmente. En moitos aspectos esta é unha materia de aprendizaxe progresivo, pero si podemos secuenciar outros relacionados coa gramática, a morfosintaxe e a historia da literatura. Por iso falamos de probos centradas en estándares de lingua e centradas en estándares de literatura, pero non empregamos na designación unha categoría absoluta.)

En 1º e 2º de ESO hai nos programas un pequeno peso da historia da literatura. Si se mantén certo contacto con textos clásicos, para lograr un achegamento progresivo, e unha comprensión básica, que levará a unha análise máis profunda en 3º e 4º. Isto é así porque se considera que a esas idades o alumnado de 1º e 2º non ten suficiente madurez para afrontar a literatura dun xeito rigoroso. Hai, iso si, un estudo de ferramentas literarias (xéneros, recursos estilísticos e métrica) un contacto con textos literarios, para traballar a tipoloxía textual (narración, descrición, diálogo) para iniciarse no comentario de textos (tema, idea, central, explicación do contido...) e desenvolver o pracer da lectura. Por esta razón, as probas escritas nestes dous primeiros cursos combinan aspectos lingüísticos e literarios e o seu peso na nota conta un 70%.

En 3º e 4º, a madurez do alumnado é maior. Iso permítelle enfrontarse xa á historia da literatura (que xa aparece incluída nos programas oficiais), xa conta con ferramentas literarias aprendidas nos primeiros cursos, nas que seguimos afondando, e unha base de comentario de texto. Por iso, e por esa madurez maior do alumnado de 3º e 4º, aínda que sempre van estar interrelacionados certos estándares, como xa explicamos, si podemos facer probas escritas máis centradas na literatura (con maior peso dos estándares de literatura) ou na lingua (máis peso dos de lingua), segundo o caso, que sumarán un 70% da nota. Tamén formará parte da nota, nestes dous cursos, a lectura de obras literarias completas.

### **Condicións necesarias para superar cada avaliación nos cursos 3º e 4º, (1ª, 2ª e 3ª)**

- A) A nota total obterase de acordo coas porcentaxes xa establecidas: os exames (70%), a análise do libro de lectura (15%), máis a nota obtida en exercicios (10%) entrega de textos creativos (5%). O alumnado non poderá centrarse só na parte lingüística ou na parte literaria de materia, deixando de estudar a outra. Debe atender ás dúas que están intimamente relacionadas.
- B) Para lograr o aprobado, a nota, resultante desa porcentaxe, obtida polo alumno ou alumna, deberá ser igual ou superior a 5.

No caso de que o alumno/a supere, con 5 ou máis de 5, as probas escritas centradas nun tipo de estándares (ex. só as de lingua ou só as de literatura), e ó longo do curso, suspenda as outras con notas baixas, estará deixando de lado a metade da materia. Por este motivo, non se fará media dos exames, se nun obtén nota inferior a 4. Nese caso, o profesor/a poderá telo en conta e permitirlle que se presente a unha recuperación só coa parte suspensa (centrada na lingua ou na literatura). O obxectivo é que aborde a materia dun xeito global e non se adique só á lingua ou só á literatura, sacando unha nota mellor nunha e deixando de lado a outra, en función das súas preferencias.



- Os exercicios, traballos, lecturas e o texto literario formarán parte da nota pero non substituirán ós exames ou probas escritas.

-Terase en conta, ademais a corrección dos exercicios, o esforzo amosado polo alumno/a e a entrega ou realización dentro do prazo solicitado. Isto valerá tanto para os exercicios e traballos feitos en clase como para os que deberán facer na casa.

-Os alumnos e alumnas que suspendan unha ou varias avaliacións, terán, no curso, a posibilidade de exames para recuperalas. Eses exames incluírán aspectos dados de lingua e de literatura. Para aprobalos, deberán obter unha nota igual ou superior a 5.

### **A avaliación final:**

-A nota da avaliación final será a media das tres avaliacións. Para facer esa media, as tres avaliacións deberán ter unha nota igual ou superior a 5. Polo tanto, o aprobado esixirá as tres avaliacións aprobadas cunha nota igual ou superior a 5.

- O alumnado que non aprobase unha ou varias avaliacións, ou ó que a media delas non lle dea una nota igual ou superior a 5, deberá recuperalas, cos exames correspondentes, antes da avaliación final, para poder aprobala. Os exames, centrarase nos estándares básicos do curso, de lingua e de literatura, traballados en cada avaliación, valorados sobre 10 puntos, e o aprobado, esixirá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

### **Entendemos ademais como abandono da materia, para os catro cursos:**

O feito de non facer reiteradamente os exercicios e traballos solicitados, xunto coa constante falta de atención en clase, o non presentarse de xeito repetido, e non xustificado oficialmente ós exames, ou a entrega destes sen responder correctamente a ningunha pregunta. Tamén o feito de non asistir a clase de xeito reiterado e non xustificado oficialmente. Isto será comunicado ós pais directamente ou a través do titor/a. No caso de producirse este tipo de abandono, as consecuencias e medidas do departamento estarán en relación coa normativa elaborada ó respecto no NOF do centro.

### 8.7.2 Avaliación en caso forzoso de ensino semipresencial, por cuestións da pandemia.

No caso de que, por motivos sanitarios, sexa inevitable combinar no curso periodos presenciais, con outros non presenciais de certa lonxitude (confinamentos colectivos), reconfiguraremos o método de avaliación. Así, teremos en conta os seguintes aspectos:

- As probas, exames e exercicios realizados nas fases presenciais, valoraranse na nota nunha porcentaxe maior que os exercicios e probas entregados telemáticamente. Isto será así porque nas presenciais é evidente a autoría do alumno ou alumna, xa que non ofrece dúbidas ó respecto, e o estudante enfróntase a elas só cos seus propios medios. A porcentaxe, por tanto será:

Exames e probas entregados nas fases presenciais:	70% da nota da avaliación
Exercicios entregados nas fases presenciais:	10% da nota da avaliación
Probas e exercicios entregados en fases de confinamento e non presenciais:	20% da nota da avaliación.

Tendo en conta estas porcentaxes, o alumnado deberá obter unha nota igual ou superior a 5 para conseguir o aprobado.

- No caso de que algunha avaliación tivese que facerse íntegramente de xeito non presencial (ou non dese tempo a obter nela exames e exercicios presenciais) a nota desa avaliación correspondería á valoración dos exercicios e probas entregados telemáticamente. Se o resultado fose inferior a 5, o alumno ou alumna deberá recuperala posteriormente de xeito presencial, cun exame, sempre que non o impidan motivos de confinamento.

- Para aprobar na avaliación final, o alumno ou alumna terá que recuperar cada avaliación suspensa mediante exames presenciais posteriores, sempre que sexa posible, nos que deberá obter unha nota igual ou superior a 5.

-Só no caso de que durante o curso, unha avaliación completa tivese que ser íntegramente telemática, e non houboese posibilidade de recuperación, para a nota final, a contabilización sería:

Aval. presencial	40%,
Avaliación presencial	40%,
Avaliación non presencial	20%.

Tendo en conta estas porcentaxes, o alumno ou alumna deberá acadar unha nota igual ou superior a 5 para aprobar na avaliación final.

- O feito de que un alumno ou alumna non entregue nada, de xeito inxustificado, nunha avaliación forzosamente telemática, será considerado abandono desa avaliación e, se non hai posibilidade dunha posterior recuperación presencial, poderá ser motivo de suspenso na avaliación final.

### *8.8 Avaliación de materias pendentes*

Contémplase para a avaliación da Lingua e literatura pendente de cursos anteriores, un proceso de recuperación da materia mediante dous mecanismos combinados:

- A realización e entrega obrigatoria por parte do alumno, do total dun conxunto de fichas e actividades que versan sobre os estándares básicos traballados no curso do que se ten a materia pendente, no seu grado mínimo de superación establecido. As actividades deberán ser realizadas correctamente e entregadas ó profesor/a. Ese material será entregado en tandas, en cada avaliación, de xeito que o profesor/a poida avaliar xeito continuo. Aportarán a nota que se dará en cada avaliación e suporán o 40% da nota final. Eses exercicios, para que aporten a nota correspondente, deberán ser entregados de acordo cos métodos, e dentro dos prazos establecidos polo profesor/a. O outro 60% da nota procederá da obtida nunha proba escrita, como mínimo, baseada nos estándares básicos do curso que ten pendente, e puntuada sobre un máximo de 10 puntos. **Para aprobar a materia pendente na avaliación final**, a nota, tendo en conta as porcentaxes citadas de exercicios e proba escrita, deberá ser igual ou superior a 5.
- No caso de non superar a materia coa porcentaxe citada, o alumno ou alumna deberá presentarse a un exame, feito antes da avaliación final, que contará o 100% da nota. Ese exame será unha proba escrita e presencial valorada en 10 puntos. Esta proba, deberá responder ós contidos e os estándares do curso correspondente, no seu grado básico, e incluírá aspectos de lingua e literatura. Para aprobar, deberá obter nela unha cualificación igual ou superior a 5

## 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

### 9.1. Consideracións xerais

Os obxectivos que pretendemos ó avaliar a práctica docente son, entre outros, os seguintes:

1. Axustar a práctica docente as peculiaridades do grupo a cada alumno/a.
2. Comparar a planificación curricular có desenvolvemento da mesma.
3. Detectar as dificultades e os problemas na práctica docente
4. Favorecer a reflexión individual e colectiva.
5. Mellorar as redes de comunicación e coordinación interna.
6. Lograr a regularidade e calidade da relación cos pais o titores legais.

Na avaliación da práctica docente teremos en conta:

1. A motivación do profesor/a cara a aprendizaxe do alumnado
2. A planificación da programación
3. A estrutura do proceso de ensino-aprendizaxe
4. Seguimento e avaliación do proceso

## MOTIVACIÓN POR PARTE DO PROFESOR CARA A APRENDIZAXE DO ALUMNADO

INDICADORES DE LOGRO	Valoración (de 1 a 4)	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>Motivación inicial dos alumnos/as</b>		
1. Presento ó principio de cada tema un plan de traballo, explicando a súa finalidade. Resumo verbalmente nuns minutos a sesión anterior para conseguir que o alumno/a lembre e continuar a partir dela.		
2. Comento a importancia do tema para as competencias e formación do alumno.		
3. Deseño situacións introdutorias previas ó tema que se vai a tratar (fotocopias, diálogos, lecturas...)		
4. Relaciono os temas da área/materia con acontecementos da actualidade, de diversas épocas, distintas artes ou doutras literaturas.		

### Motivación no proceso

5. Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada, e relaciono dentro do posible os		
---	--	--

contidos e actividades cos seus intereses e coñecementos previos.		
6. Fomento a participación dos alumnos con diálogos, comentarios e argumentos no proceso de ensinanza.		

### Presentación dos contidos

7. Reflexiono ata que punto os contidos son accesibles para o alumno/a		
8. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (guións, introducións, mapas conceptuais, esquemas...) e resumindo a información durante as explicacións. Traballo os estándares correspondentes.		
9. Aporto textos e exemplos relacionados cos temas estudados, e lecturas, de calidade literaria, atractivas para o alumnado, que fomentan o interese pola literatura.		

## 2) PLANIFICACIÓN DE LA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

INDICADORES DE LOGRO	Valoración (de 1 a 4)	PROPOSTAS DE MELLORA
----------------------	--------------------------	----------------------

### Compoñentes da Programación didáctica

10. Teño establecido que cada programación didáctica está estruturada por bloques ou por Unidades Didácticas .		
--	--	--

11. Deseño a unidade didáctica baseándome nas competencias clave que deben de adquirir os alumnos /as, e nos estándares que debe superar.		
12. Selecciono e secuencio os contidos e estándares de xeito adecuado ó grupo de alumnos, tendo en conta o estipulado na lei.		
14. Análizo e deseño dentro da programación didáctica as competencias clave necesarias para a área ou materia		
15. Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado da materia. Inclúo colaboracións e conexións con outras áreas, temas transversais e actividades extraescolares.		
16. Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e comprobar o grao no que alcanzan as aprendizaxes.		
17. Programo estratexias e actividades en función dos obxectivos, estándares, competencias clave e características do alumnado.		

### 3.) ESTRUCTURA DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

INDICADORES DE LOGRO	Valoración (de 1 a 4)	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>Actividades no proceso</b>		
18. Propoño os meus alumnos/as actividades variadas (de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de		



recapitulación, e de avaliación) para adquirir os obxectivos previstos.		
19. Facilito a adquisición de novos contidos a través das diversas metodoloxías (lección maxistral, traballo cooperativo, traballo individual, lecturas)		

### Estrutura na aula

20. Distribúo o tempo adecuadamente: (tempo de exposición actividades e lecturas)		
21. Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.		

### Cohesión no proceso

22. Comprobo de diferentes modos, que os alumnos entenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, corrixindo exercicios...		
23. Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e aseguro a participación de todos....		

#### 4) SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

INDICADORES DE LOGRO	Valoración (de 1 a 4)	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>Seguimento del proceso de ensino-aprendizaxe:</b>		
24. Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas dentro e fora da aula, adecuación dos tempos e materiais utilizados.		
25. Proporciono información ó alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e, favorezo procesos de autoavaliación .		
26. No caso de obxectivos insuficientemente alcanzados propoño novas explicacións ou actividades que faciliten a súa adquisición		
27. No caso de obxectivos suficientemente alcanzados, nun corto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.		

--

INDICADORES DE LOGRO	Valoración (de 1 a 4)	PROPOSTAS DE MELLORA
----------------------	--------------------------	----------------------

#### Crterios de avaliación

28. Aplico os criterios de avaliación de acordo coas orientacións da Concreción Curricular		
--	--	--

39. Utilizo criterios de avaliación que atendan ós diferentes estándares, competencias e contidos.		
--	--	--

### Instrumentos de avaliación

30. Corrijo e explico os traballos, actividades dos alumnos , exames, dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
31. Uso diferentes instrumentos de avaliación (probas orais e/o escritas, observación directa...) para coñecer o seu rendemento académico.		
32. Utilizo os resultados da avaliación para modificar os procedementos didácticos que realizo e mellorar a miña intervención docente.		

## 10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### **AVALIACIÓN DA DIVERSIDADE**

A atención á diversidade debe estar presente en todo o proceso de aprendizaxe. O profesorado partirá dunha detección dos coñecementos previos, tanto consolidando os correctos como corrixindo os trabucados. Terá que detectar os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado e tentar, no posible, adaptarse a el, elaborando distintos tipos de actividade con diferentes grados de dificultade. Son importantes tamén as sesións de repaso, para afianzar coñecementos e a aclaración das dúbidas que poidan xurdir no alumnado.

Haberá tamén unha análise das causas que levan a parte do alumnado a ter dificultades coa materia, e un intento de poñer solución a isto, dentro do posible. Tamén haberá detección e repaso, tras cada avaliación, deses aspectos nos que os alumnos/as mostrasen máis dificultade, contidos e estándares que deban quedar claros e acadados para poder seguir avanzando. Incluiremos tamén exames que posibiliten a recuperación de avaliacións suspensas.






Como xa especificamos no apartado da avaliación, as medidas para o alumnado coa materia pendente serán exercicios que o profesorado lle facilitará, relativos ós contidos do curso que ten pendente. Neles avaliaranse tanto os coñecementos como as competencias mínimos que debe acadar nese curso. Estes exercicios, que deberá entregar feitos nos prazos marcados polo profesor/a, contarán un 40% da nota. O outro 60% da nota procederá da cualificación obtida no exame oficial de pendentes.

Un dos obxectivos principais para ofrecer unha ensinanza de calidade é coñecer a propia realidade dos alumnos/as, o seu entorno e as súas propias capacidades, aspiracións e intereses. Neste apartado do Proxecto Curricular o equipo de profesores do Centro reflexionará sobre as características máis relevantes dos seus alumnos, deducindo cales son as súas necesidades formativas e valorará o tipo de atención que vaia a ofrecer, tendo en conta os recursos humanos e materiais de que dispoñen.




**Ademais, este ano participaremos nun curso de educación responsable, que inclúe sesións de formación do profesorado e aplicación práctica no centro.** Con el tentaremos fomentar a integración e boa relación do alumnado, a xestión das súas emocións, a resolución de conflitos derivados da convivencia e o tratamento de temas asociados a valores éticos necesarios.

Algunhas das cuestións que se poden ter en conta nesta análise son:



### **En relación coas características dos alumnos:**

-  Historial académico dos alumnos.
-  Entorno social, cultural e familiar.
-  Seus intereses e motivacións.
-  Dificultades máis frecuentes no grupo, alumnos con dificultades específicas.
-  Aspectos educativos que convirá priorizar.

### **En relación con la organización de los recursos humanos:**

-  Profesores especialistas dispoñibles.
-  Horario de dedicación.
-  Outros profesionais, internos ou externos, que poidan colaborar.

### **En relación coa organización dos recursos materiais:**

-  Requisitos mínimos de espazos e instalacións.
-  Recursos materiais do centro e do entorno que poden resultar útiles para o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A atención á diversidade, dende o punto de vista metodolóxico, debe estar presente en todo o proceso de aprendizaxe e levar ó profesorado a:

- Detectar os coñecementos previos dos alumnos ó comezar cada unidade. Os alumnos/as os que se lle detecte unha lagoa nos seus coñecementos, débeselles propoñer unha ensinanza compensatoria, na que desempeñará un papel importante o traballo en situacións concretas.
- Identificar os distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as e establecer as adaptacións correspondentes.
- Intentar que a comprensión do alumno/a de cada contido sexa suficiente para unha adecuada aplicación e para enlazar cós contidos que se relacionan có mesmo.

A resposta educativa á diversidade, entendemos que ten como eixo fundamental o principio da individualización da ensinanza. O tratamento e a atención á diversidade realizámola pedagoxicamente desde a proposta didáctica dos tipos de actividades. Consideramos que o elemento do currículo que mellor materializa este tratamento é o correspondente ós distintos tipos de actividades. Considerámolas necesarias para espertar motivacións e intereses, constituíndo un medio excelente na nosa intervención didáctica mediante as correspondentes estratexias de aprendizaxe que propomos. Distinguiremos os seguintes tipos:

**a) Iniciais ou diagnósticas**, imprescindibles para determinar os coñecementos previos do alumno e da alumna. Son esenciais para establecer a ponte didáctica entre o que coñecen e o que queremos que saiban, dominen e sexan capaces de aplicar, para alcanzar un aprendizaxe

significativo e funcional. Realizaremos probas a principio de curso, na semana do 19 ó 23 de setembro. Haberá unha reunión de todo o profesorado a principios de outubro para a avaliación inicial do alumnado dos catro cursos.

**b) Actividades de reforzo inmediato**, concretan e relacionan os diversos contidos. Consolidan os coñecementos básicos que pretendemos alcancen nosos alumnos e alumnas, manexando reiteradamente os conceptos e utilizando as definicións operativas dos mesmos. A súa vez, contextualizan os diversos contidos en situacións moi variadas. Presentan o fío de cada contido.

**c) Actividades finais**, que avalían de forma diagnóstica e sumativa os coñecementos que pretendemos que acaden. Tamén serven para atender á diversidade do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe, dentro das distintas pautas posibles nun grupo-clase, e de acordo cos coñecementos e o desenrolo psicoevolutivo do alumnado de esta etapa educativa. Propoñémolas ó final de cada unidade didáctica.

**d) Desdobres ou repetición de curso**: establécese a creación de desdobres nesta materia para aqueles alumnos que mostren dificultades, co asesoramento e aprobación do departamento de Orientación. Mantense a programación para o este grupo, centrándose nos contidos e estándares no grao mínimo e reforzando cuestións básicas en detrimento de contidos máis secundarios ou xerais. Este curso contamos tamén en 3º con alumnos que repiten curso.

#### **e) Desdobre no ámbito lingüístico, en 4º de ESO, con sete alumnos/as**

O Centro establecerá ademais **unha aula de atención educativa e convivencia**, para atender ao alumnado que, pola súa conducta inadecuada ou actitude displicente, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo clase. Nela, este alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda en dita aula, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula, establecer as tarefas mencionadas.

Medidas aplicadas en 1º da ESO

Vanse facer dos grupos de alumnos /as respectivamente, coa fin de levar a cabo unha ensinanza máis personalizada, adaptada ás características de cada educando.

Unha vez realizada a avaliación inicial, faranse reforzos a aqueles alumnos/as que o precisen e, se fai falla e algún reúne os requisitos, as adaptacións curriculares oportunas. Por informes obtidos xa do colexio de primaria, hai varios alumnos e alumnas que precisan ACI e outros reforzos. O número exacto establecerase tras a avaliación inicial, cando o profesorado teña tempo suficiente para coñecelos mellor. Consensuaranse e aplicaranse medidas concretas, se algún alumno/a ten un problema específico que se poida atenuar ou resolver. Tamén se levarán a cabo ACIS en alumnos concretos.

## Medidas aplicadas en 2º da ESO

Teremos dous grupos de 17 alumnos e alumnas.

Unha vez realizada a avaliación inicial, faranse reforzos a aqueles alumnos/as que o precisen. De entrada, polo que sabemos do curso anterior, teremos probablemente un mínimo de catro alumnos con ACI, e outros con reforzos por diversos motivos (problemas de atención, mutismo selectivo, diabetes, dificultades de lectura...) Consensuaranse e aplicaranse medidas concretas, para os problemas específicos que se poidan atenuar ou resolver.

## Medidas aplicadas en 3º da ESO

No caso de 3º este curso haberá un grupo , con desdobre en matemáticas académicas e matemáticas aplicadas. Inclúe alumnos repetidores.

En canto a cuestións metodolóxicas aplicadas á atención á diversidade:

Como xa dixemos, sumarán nota: as lecturas obrigatorias de obras completas, intervencións orais, a presentación de exercicios creativos con intención literaria, exercicios de diverso tipo, e os comentarios e traballos solicitados ó longo do curso.

Tamén a repetición de curso é unha medida de atención á diversidade para certos casos. Esperamos que esa medida lles posibilite mellorar con respecto ó curso anterior, dado que a maior parte da materia xa lles resulta coñecida.

Incluiremos así mesmo abundantes explicacións e exercicios de repaso (de feito na 1ª avaliación, no primeiro mes, haberá un repaso de cuestións gramaticais, así como un repaso de técnicas literarias para afondar no comentario de texto, que traballa a comprensión lectora, a expresión escrita e os coñecementos literarios.) Posibilitaremos ademais que o alumnado pregunte á profesora as súas dúbidas naqueles aspectos que lle resulten máis difíciles.

Aplicaremos medidas de reforzo a aqueles alumnos que o necesiten. Sabemos que os hai coñecelos do curso anterior. Citaremos estes casos na avaliación inicial.

## Medidas aplicadas en 4º da ESO

Neste curso hai un grupo de referencia, e un desdobre no ámbito lingüístico con sete alumnos e alumnas que o curso pasado cursaban un PMAR. É un curso que vai ofrecer dificultades porque combina alumnado cun bo rendemento académico con algúns alumnos que non amosaron demasiado esforzo, entre eles dous repetidores.

Por estas razóns, incluiremos, para todos, abundantes explicacións e exercicios de repaso de cuestións estudadas en 3º de ESO, sen abandonar por iso os estándares oficiais de 4º, necesarios para titular. De feito na 1ª avaliación, haberá un repaso detallado da oración simple, correspondente a 3º, para poder seguir explicando a composta, así como un repaso de técnicas literarias para profundar no comentario de texto, que traballa a comprensión lectora, a expresión escrita e os coñecementos literarios. Ademais repasaremos cuestións ortográficas e gramaticais que pertencen a cursos anteriores. Posibilitaremos ademais que o alumnado pregunte á profesora as súas dúbidas naqueles aspectos que lle resulten máis difíciles.

Valoraremos e aplicaremos, ó alumnado que as precise, medidas de reforzo específicas como en cursos anteriores, entre elas, maior tempo para a realización de exercicios, maior tempo para a realización de exames, revisión persoal de exercicios, repaso de moitos aspectos dados e cursos anteriores e e explicacións personalizadas en determinados momentos da clase.

Tamén haberá, para todos os que suspendan, opcións a facer exames de recuperación durante o curso.

Ademais faremos exercicios e probas específicos para o alumnado coa materia pendente, que será avaliado tal e como se consigna xa no apartado adicado á avaliación.

A lei contempla que podería aparecer algún alumno/a coa materia pendente, que xa marchou da ESO, pero tenta recuperala. Para iso deberá superar o exame oficial, na convocatoria correspondente, baseado nos estándares mínimos expostos, cunha nota igual ou superior a 5.

## 11. CONEXIÓNS COS TEMAS TRANSVERSAIS

Conectamos cos temas transversais deseñando presentacións e proxeccións de curtametraxes, documentais e vídeos contra a violencia machista, contra o maltrato animal, contra o racismo, a homofobia, a desigualdade social e económica, o día internacional da muller, actividades de concienciación sobre a paz, dereitos humanos, respecto ó ecosistema, igualdade, tolerancia ... Tamén desenvolvendo a sensibilidade artística, principalmente a través da literatura, pero conectando tamén có cine, a música, a danza, o teatro e as artes plásticas.

A parte lingüística permite reflexións sobre o uso na sociedade da linguaxe sexista, homófoba, os tabús, eufemismos...

Ademais das actividades extraescolares específicas (presentacións, conferencias, carteis informativos, vídeos...) os textos literarios e os contidos da materia de literatura son especialmente apropiados para tratar os temas transversais dada a variedade de temas ós que está aberta e



nos que pode basearse.

A literatura medieval, e a dos séculos XVI e XVII conecta co tema do sexismo en numerosas ocasións: o acceso das mulleres o mundo da literatura como escritoras, a situación da muller nestes séculos: matrimonios de conveniencia, dobre moral social no caso do adulterio, a escasa formación e independencia económica que obtiñan, o concepto machista da honra que tiñan no teatro barroco...

A literatura dos séculos XIX e XX conecta co tema do sexismo en numerosas ocasións: o acceso das mulleres o mundo da literatura como escritoras, a situación da muller no século XIX: matrimonios de conveniencia, dobre moral social no caso do adulterio, reflectida en importantes novelas realistas, a escasa formación e independencia económica que obtiñan...

Tamén en poesía e teatro hai importantes autores que trataron o tema da muller e a súa opresión por parte da sociedade, como o caso de Federico García Lorca. A homofobia e a liberdade sexual, son temas que se tratan na literatura do século XX, coa presenza de autores homosexuais importantes e das súas obras: Lorca, Cernuda...

Tamén a liberdade e as diferencias de clase social (literatura realista, naturalista, poesía social) a violencia e os dereitos humanos (literatura de guerra e posguerra, exilio, represión, literatura hispanoamericana.)

E lembramos que os textos lidos en clase, contos e poemas, tanto os do programa oficial como os engadidos para fomentar a lectura, poden tratar calquera tema que nos leve a reflexións éticas, dado que é unha materia moi apropiada para desenvolver o espírito crítico no alumnado. Tanto as lecturas seleccionadas para clase como os libros de lectura obrigatoria permiten conectar con temas transversais a través de reflexións sobre: a solidariedade e a empatía cara os demais (ex. El principito) a violencia e os prexuízos machistas (Crónica de una muerte anunciada, Bodas de sangre y La casa de Bernarda Alba) a liberdade e os conflitos sociais (Cien años de soledad) o multiculturalismo, o respecto ós animais e a ecoloxía (Un viejo que leía novelas de amor, La llamada de lo salvaje.) Ademais, contamos como cada ano, coa asistencia a unha obra de teatro que frecuentemente trata temas relacionados cos elementos transversais e permite traballalos despois mediante explicacións debates, intervencións orais, cuestionarios e traballos. (Aínda que este curso, por motivos sanitarios, posiblemente non se poida facer esa saída ó teatro.)

## 12. PLAN TIC

A sociedade da información é o novo paradigma no que as sociedades avanzadas están inmersas dende o último cuarto do século XX en xeral, e desde os primeiros anos deste século XXI en particular. Este desenvolvemento tecnolóxico afecta de forma importante á economía, á sanidade, á cultura, ao comercio, ó ocio e de maneira especial á educación e o coñecemento.

O impacto das tecnoloxías da información e da comunicación é de tal envergadura que as persoas, os colectivos e as nacións que non dispoñan destes recursos tecnolóxicos, ou non podan acceder a eles, veranse relegados do cambio que marcan os novos procesos de desenvolvemento, quedándose a marxe dos fluxos dese avance global. Ademais aqueles individuos que non logren adquirir as capacidades básicas para poder utilizar as novas tecnoloxías quedarán limitados na nova era da información.

Para evitar esta exclusión existen varias estratexias posibles, sendo a educación e a formación dúas das principais vías para lograr o desenvolvemento cohesionado da sociedade da información.

Os procesos educativos convértense, polo tanto, nun mecanismo básico a través do cal poder formar á poboación dentro do novo marco que caracteriza a sociedade actual. Unha sociedade formada e informada no campo das novas tecnoloxías será un dos requisitos indispensables para poder implementar o cambio estrutural, económico, cultural e social que impón o desenvolvemento tecnolóxico ligado á sociedade da información.

Co obxecto de fomentar a sociedade da información no entorno educativo, desde as administracións autonómicas e xeral do Estado desenvólense diferentes programas dirixidos a favorecer a utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación –TIC– como unha ferramenta importante do proceso educativo e das redes como vehículo de comunicación, entendemento e cooperación entre los participantes no proceso educativo. Entre as iniciativas postas en marcha, o Goberno desenvolve desde o año 2005 o programa Internet na aula, dirixido a reforzar e complementar as políticas de fomento do desenvolvemento non discriminatorio da sociedade do coñecemento no entorno educativo, buscando a suma de esforzos, a cohesión territorial e favorecer que se compartan iniciativas entre todas as Comunidades Autónomas participantes.

Internet na aula implica a participación nos centros educativos e nas aulas de actuacións de formación, dinamización e apoio dirixidos especialmente aos alumnos, así como a posta a disposición de aplicacións e contidos de utilidade para outros integrantes da comunidade educativa. É tamén obxecto de Internet na aula levar a cabo estudos dirixidos a obter unha imaxe do estado da implantación das TIC no sistema educativo español, tanto desde o punto de vista da infraestrutura, como do uso que de esta se realiza nos centros, e dos contidos e factores formativos que lle afectan. Pero ademais convén fomentar o uso responsable do mundo dixital, desenvolvendo o espírito crítico do alumnado con respecto á súa utilización. Esa educación, ademais de exercitar ó alumnado no seu emprego, debe tentar que evite os riscos, que saiba interpretar e cuestionar a información á que accede, que non perda a súa capacidade de concentración nin caia en lecturas superficiais, e que afronte as TIC como ferramentas moi útiles, pero sen caer en actitudes de dependencia.

## PLAN TIC (EDIXGAL)

A sociedade da información é o novo paradigma no que as sociedades avanzadas están inmersas dende o último cuarto do século XX en xeral, e desde os primeiros anos deste século XXI en particular. Este desenvolvemento tecnolóxico afecta de forma importante á economía, á sanidade, á cultura, ao comercio, ó ocio e de maneira especial á educación e o coñecemento.

O impacto das tecnoloxías da información e da comunicación é de tal envergadura que as persoas, os colectivos e as nacións que non dispoñan destes recursos tecnolóxicos, ou non podan acceder a eles, veranse relegados do cambio que marcan os novos procesos de desenvolvemento, quedándose a marxe dos fluxos dese avance global. Aqueles individuos que non logren adquirir as capacidades básicas para poder utilizar as novas tecnoloxías quedarán excluídos na nova era da información.

Para evitar esta exclusión existen varias estratexias posibles, sendo a educación e a formación dúas das principais vías para lograr o desarrollo cohesionado da sociedade da información.

Os procesos educativos convértense, polo tanto, nun mecanismo básico a través do cal poder formar á poboación dentro do novo marco que caracteriza a sociedade actual. Unha sociedade formada e informada no campo das novas tecnoloxías será un dos requisitos indispensables para poder implementar o cambio estrutural, económico, cultural e social que impón o desenvolvemento tecnolóxico ligado á sociedade da información.

Co obxecto de fomentar a sociedade da información no entorno educativo, desde as administracións autonómicas e xeral do Estado desenvólense diferentes programas dirixidos a favorecer a utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación –TIC– como unha ferramenta importante do proceso educativo e das redes como vehículo de comunicación, entendemento e cooperación entre los participantes no proceso educativo. Entre as iniciativas postas en marcha, o Goberno desenvolve desde o ano 2005 o programa Internet na aula, dirixido a reforzar e complementar as políticas de fomento do desenvolvemento non discriminatorio da sociedade do coñecemento no entorno educativo, buscando a suma de esforzos, a cohesión territorial e favorecer que se compartan iniciativas entre todas as Comunidades Autónomas participantes.

Internet na aula implica a participación nos centros educativos e nas aulas de actuacións de formación, dinamización e apoio dirixidos especialmente aos alumnos, así como a posta a disposición de aplicacións e contidos de utilidade para outros integrantes da comunidade educativa. É tamén obxecto de Internet na aula levar a cabo estudos dirixidos a obter unha imaxe do estado da implantación das TIC no sistema educativo español, tanto desde o punto de vista da infraestrutura, como do uso que desta se realiza nos centros, e dos factores formativos que lle afectan.

**No presente curso ,acolléndonos ó programa da EDIXGAL, introduciremos o libro de texto dixital da nosa área no 2º curso da ESO.**

Plan TIC para 1º curso da ESO

**Respecto ó tratamento e a introdución das novas tecnoloxías no desenvolvemento da programación para 1º de ESO, están programadas as seguintes actividades para o presente curso**

- Continuar có **libro de texto dixital** no programa Edixgal.
- Uso de ordenadores na realización de actividades programadas nas unidades didácticas.
- Proxección dalgunha obra de teatro en vídeo
- Proxección dalgunha película baseada nunha obra literaria.
- Uso de dicionarios virtuais. (RAE...)
- Traballar cun procesador de textos e cós correctores ortográficos.
- Coñecer e usar buscadores de información en internet
- A prensa en Internet
- Resolución de webquest de lingua castelá.
- Gravación, edición e Proxección dunha sesión de recitado de poemas en vídeo (Proxecto interdisciplinar)
- Utilización da aula virtual Edixgal para consulta de mensaxes, arquivos e realización e envío de tarefas.
- Uso de Jitsi e Cisco Webex para videoclases.

Plan TIC para 2º curso de Eso

**Respecto ó tratamento e a introdución das novas tecnoloxías no desenvolvemento da programación para 2º de ESO, están programadas as seguintes actividades para o presente curso:**

- Introducción do **libro de texto dixital**, ó acollernos ó programa Edixgal.
- Uso de ordenadores na realización de actividades programadas nas unidades didácticas.

- Proxección dalgunha obra de teatro en vídeo.
- Proxección dalgunha película baseada nunha obra literaria.
- Uso de dicionarios virtuais. (RAE...)
- Traballar cun procesador de textos e cos correctores ortográficos.
- Coñecer e usa buscadores de información en internet
- Resolución de webquest de lingua castelá.
- Realizar actividades programadas para taboeiros dixitais e ordenadores.
- Utilización da aula virtual Edixgal para consulta de mensaxes, arquivos e realización e envío de tarefas.
- Uso de Jitsi e Cisco Webex para videoclases.

## PLANT TIC AULA VIRTUAL

### PLAN TIC PARA 3º E 4º CURSO DA ESO

**Respecto ó tratamento e a introdución das novas tecnoloxías no desenvolvemento da programación para 3º e 4º de ESO, están programadas as actividades que figuran a continuación, para o presente curso:**

Incluímos nos métodos de traballo a tecnoloxía e as súas fontes de información. O alumnado empregará a informática para a elaboración de traballos e resolución de exercicios. Tamén a usamos para deseñar programacións, apuntes e exercicios, así mesmo na elaboración de textos informativos ou creativos, na busca de información para traballos, o uso de dicionarios dixitais... Isto esixe coñecementos básicos sobre a navegación por Internet e o procesador de textos, que, se ben son parte específica da materia de informática, tamén se traballan de xeito básico nas demais materias, como parte da competencia dixital.

- Por outro lado, recorreremos á tecnoloxía para a proxección de presentacións, vídeos, curtametraxes e fragmentos de películas relacionadas coa materia e cós temas transversais.
- O alumnado asiste ademais a unha conferencia anual sobre os riscos de Internet para aprender a preservar a seguridade na rede con respecto ós seus datos, á participación en redes sociais... e a adoptar un uso responsable e crítico destes medios.
- A relación coa prensa e a publicidade a través dos medios dixitais tamén conecta coa tecnoloxía, e permite estudar tipoloxías textuais.

- Permite ademais a proxección de debates, contacto con noticias de actualidade, e o acceso a información sobre datas importantes para a materia (o Nobel de literatura, o día do libro, o premio Cervantes e o Nacional de literatura...)
- Tamén a tecnoloxía conecta coa música e permite a audición de poemas musicados, cancións de cantautores, a asistencia, desde a aula, a recitado de poemas por actores coñecidos ou polos propios autores/as e a visión de teatro filmado.
- É interesante a proxección de curtametraxes, como punto de partida para estudos moi básicos sobre guión cinematográfico, e tamén para seguir e participar nun concurso de microrrelatos que presenta unha cadea de radio, concurso do que se publican cada semana os microrrelatos seleccionados e o microrrelato vencedor. Este concurso serve como modelo para motivar ó alumnado na elaboración dos seus propios microrrelatos e posibilita a súa participación nel se así o desexa.
- Ademais hai unha utilización da prensa, ás veces en formato dixital, para traballos concretos.
- E especialmente a participación por parte do alumnado, previas sesións informativas en clase sobre a prensa, nun xornal dixital no que, ademais de traballar as ferramentas dixitais e a maquetación, exercitará a busca, selección e interpretación da información, a ampliación do vocabulario, a comprensión textual, a reflexión e a expresión escrita.
- Utilización da aula virtual Moodle para consulta de mensaxes, arquivos e realización e envío de tarefas.
- Utilización de Edixgal para a visualización, realización e envío de tarefas.
- Uso de Jitsi e Cisco Webex para videoclases.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

(Parte destas actividades, programadas habitualmente, non poderán levarse a cabo durante a pandemia por motivos sanitarios. En concreto aquelas que implican saídas extraescolares ou xogos nos que o alumnado tería que xuntarse, romper a distancia de seguridade ou manter algún tipo de contacto físico. No caso de charlas ou visionado de curtas, películas... non se farán para todo o alumnado xunto, senón dentro do grupo.)

Incluimos a participación en concursos literarios organizados polo centro e o concello. En concreto, participamos nun concurso de microrrelatos organizado xunto con outros catro institutos da provincia e coordinado polo departamento de dinamización lingüística. Para mellorar a calidade dos relatos presentados polo alumnado, a profesora dedica dúas sesións de clase a explicarlles as principais normas de elaboración de microrrelatos así como á lectura de microrrelatos famosos de autores e autoras consagrados. Estes úsanse como elementos de reflexión, axudan á análise de texto, a desenvolver o pracer pola lectura de calidade e serven como exemplos para as posteriores composicións literarias do alumnado.

Do mesmo xeito, eses institutos organizan un concurso de micropoemas nos que o departamento tamén se encarga de explicar xeitos de compoñelos, ler exemplos de calidade, recoller e seleccionar aqueles que aporta o alumnado.

En varios anos que levamos participando neses concursos, o alumnado ten obtido premios literarios, en máis dunha ocasión o primeiro premio (entre os cinco institutos participantes) dentro da súa categoría.

Participamos ademais nun concurso literario de relatos organizado polo concello cada ano, recollendo, seleccionando os textos presentados polo alumnado, e formando parte do xurado.

Engadimos a asistencia anual a unha obra de teatro para todo o alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º. A obra elixida depende da oferta que haxa nese curso, normalmente da oferta que fai o Concello de Pontevedra. A obra trata temas de interese, e ten calidade literaria e de interpretación.

Forma parte destas actividades a proxección de películas baseadas ou directamente relacionadas coa literatura. Películas comentadas e analizadas logo en clase.

Incluimos a asistencia a conferencias impartidas por representantes do mundo das letras: escritores, xornalistas (que falan de medios de comunicación) obradoiros ou sesión de información sobre guión ou técnicas cinematográficas... Nalgunha ocasión tamén procuramos a asistencia a exposicións en función das ofertas que temos cada curso. Tamén en colaboración có profesorado doutras materias, a participación na elaboración de curtametraxes ou a asistencia a concertos, espectáculos de danza ou museos.

O departamento colabora ademais co departamento de actividades extraescolares na elaboración de xogos que tratan temas mitolóxicos, concursos culturais baseados en preguntas, probas artísticas.

## 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS, E DAS PRÁCTICAS DIARIAS EN RELACIÓN ÓS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

As programacións son documentos que planifican o que se vai desenvolver ó longo do curso, pero á vez, están suxeitas a revisións en función das circunstancias, e do grupo, que varían dun ano a outro. Así, debemos ter en conta os resultados, poñendo como referencia, tanto o curso anterior, como os obtidos en cada avaliación do presente curso.

Para a súa revisión, teremos en conta en primeiro lugar os resultados do curso anterior.

Observamos que a porcentaxe de alumnado que non promocionou, tendo en conta as convocatorias de xuño e setembro, non foi demasiado alta. En todo caso sempre compre buscar, dentro do posible, xeitos de revisión e mellora.

Para iso contamos coas reunións do departamento que permiten tratar cuestións como as seguintes:

- Detección dos aspectos que implican maior dificultade para o alumnado, e que son susceptibles de repaso, exercicios de reforzo e busca de métodos alternativos para a seu tratamento.
- Información sobre a comprensión das lecturas obrigatorias seleccionadas, e, se o profesorado o considera interesante, a posibilidade de engadir novos libros e lecturas, ou de variar algún.
- Busca de novos textos ilustrativos sobre o dado en clase. O profesorado comentará aquelas lecturas que coñeceu en cursos, na vida cotiá, nas súas conversas con profesores doutros centros, a través dos medios de comunicación...
- Busca e utilización de novos vídeos e fragmentos de películas relacionadas directamente coa materia, e nas que ademais se poderán traballar os temas transversais. Isto inclúe tamén o deseño de xogos, e a asistencia anual ó teatro.

-Tras cada avaliación faremos unha reunión para valorar os resultados obtidos, comentar as causas e buscar solucións, dentro do posible. Para iso, tentaremos a revisión das explicacións, o repaso de aspectos tratados, e o deseño de exercicios de reforzo.



-Tamén ó longo do curso, haberá opción a probas de recuperación de avaliacións suspensas, e da materia pendente.

- O profesorado deseñará actividades que axuden á comprensión de aqueles aspectos importantes que supoñan máis dificultades, e tentará incluír outras, de intención motivadora, para propiciar unha actitude positiva e mellorar, dentro do posible, a atención e o interese por parte do alumnado.

- Tamén revisará os indicadores de logro da práctica docente, que figuran nesta mesma programación, para comprobar os que vai cumprindo, e aqueles que son mellorables.

- Informarase ós pais dos resultados mediante os boletíns de avaliacións, de xeito xeral, e de xeito particular, no caso de alumnos/as que amosen dificultades, falta de asistencia, ou non presenten, de xeito reiterado, os traballos e actividades solicitadas. Isto poderá facerse directamente ou a través do titor/a do grupo ó que pertence o alumno/a.

## 15. ACHEGA DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

**(Común a todas as programacións de lingua e literatura castelá, aínda que con actividades específicas para cada curso)**

### **Dpto. Lingua e Literatura Castelá**

«Ahora que tanto se habla de calidad de la enseñanza y se perfilan nuevas líneas programáticas, sería bueno que los responsables de fijarlas comprendieran que el arte de leer no es un capítulo más de la educación y, menos aún, de la enseñanza, sino la base de ambas. Que la escuela –y vuelvo a Salinas– debe practicar "la enseñanza de la lectura como un centro de actividad total del espíritu, en cuya práctica se movilizan y adiestran las cualidades de la inteligencia, de la sensibilidad; se enseña a discernir de valores morales y estéticos; en resumen, se educa al niño por todos los lados"».

## 1. Introducción

Se recoñecemos que gran parte do fracaso escolar procede da deficiente comprensión lectora dos alumnos, é necesario, ó noso xuízo, para impulsar a práctica da lectura nun IES, crear a figura dunha *Coordinación de Lecturas*, unha actividade docente importante. Esa coordinación implica por suposto acordos co profesorado e flexibilidade á hora de elixir, cambiar ou incorporar textos.

Desde esta perspectiva, as funcións recollidas nesta *Coordinación docente para o Fomento da Lectura nos Centros* serían as seguintes:

Realizar en primeiro lugar, unha análise das necesidades formativas dos docentes nesta materia, así como estudar medidas para mellorar o equipamento da biblioteca do centro.

1. Asesorar e informar ao profesorado dos materiais curriculares e libros que reflexionen sobre o valor da lectura.
2. Contactar cos alumnos co fin de motivalos, redactar listados cos libros dispoñibles, convencelos de que lerán conforme ós seus gustos e as súas posibilidades de comprensión lectora.
3. Coordinar as lecturas dos departamentos, así como sistematizar os libros por avaliacións e niveles educativos.
4. Propoñer documentos para a xestión educativa da lectura, entre os que é interesante o Caderno de Lectura, unha especie de diario persoal que o alumnado pode incorporar ó seu material.
5. Crear unha base de datos cos títulos e as súas respectivas guías didácticas.
6. Adquirir os libros necesarios para aumentar os fondos da biblioteca, unha vez consultados outros membros da comunidade educativa.
7. Converter a Biblioteca nun lugar vivo, nun Punto de Información Lectora (PIL) e nunha Aula de Lectura, para o que é imprescindible elaborar un horario de apertura que abrangue boa parte da xornada escolar.
8. Por a disposición do profesorado recursos informáticos e páxinas electrónicas para o fácil desenvolvemento da lectura no aula.
9. Escoitar e incorporar as propostas do profesorado relacionadas coa lectura e a escritura (actividades lectivas e extraescolares)

## 2. Elementos do Proxecto -Lector

Pretendemos demostrar que un Plan Lector ordenado, inmerso na programación e sistematizado dende 1º a 4º de Secundaria, pode axudar á creación do hábito da lectura. Para cada curso académico, dispoñemos de varios libros por alumno, libros que son o resultado de experimentar con máis dun centenar de títulos, nun lento proceso de valoración e selección no que se implique dun modo afectivo e efectivo ao alumnado.

Para que un plan lector non obedeza só ao interese ou personalidade de determinados profesores, convén que ese plan lector estea recollido na programación do Departamento, referendado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e recollido posteriormente no PEC do IES como un sinal de identidade propia dun determinado centro educativo.

O desenvolvemento dun *Plan Lector* afecta non só á programación de «lecturas aptas para xoves», senón que require dunha intervención máis ampla: un Plan Global de Lecturas debe considerarse como unha actividade clave ao servizo da formación integral do alumnado, xa que a través da habilidade lingüística da lectura poden lograrse con máis eficacia as competencias que actualmente recolle a lei.

O *Plan Global de Lecturas* abarcaría tamén un conxunto de actividades que se realizarán a marxe da materia de Lingua Castelá e Literatura, tal e como se recolle nos cadros posteriores. O desenvolvemento harmónico das seguintes actuacións pretende contribuír a aumentar o nivel lector do alumnado, así como a mellorar distintas competencias.

As actividades que afectan especificamente ó departamento de lingua e literatura castelá (lectura de textos literarios en clase, de obras completas, asistencia ó teatro, visión de películas relacionadas coa literatura, creación de textos con intención literaria, participación en concursos literarios, elaboración de xogos relacionados coa lectura, inclusión de elementos e estudos mitolóxicos, conexión entre literatura e as demais artes...) xa se levan a cabo dende hai anos nos distintos cursos.

## 3. Fomento da lectura na aula

As actividades que xurdan da lectura dun libro é algo moitas veces imprevisible, depende da labor do mediador docente, da súa capacidade e do seu entusiasmo, pero tamén da cooperación dos alumnos. A actitude será sempre escoitar o pertinente de cada obra, o esencial do seu mundo narrativo. Así o libro transformase nunha porta aberta á *creatividade*.

Desde o noso Plan Lector, inténtanse promover aquelas actividades que convertan o libro e a lectura en «protagonistas educativos». Moitas destas actividades exceden a dispoñibilidade horaria contemplada nas programacións de aula, pero referímonos a elas como un conxunto de posibilidades que enriquecen a formación dos alumnos.

## a) WEB. Materiais

Na páxina electrónica [www.educarm.es](http://www.educarm.es) (web temática «Ler en la ESO») pódese consultar o listado de libros interesantes para estar dispoñibles nunha biblioteca, así como unhas 140 guías didácticas de lectura, diversos enlaces sobre o fomento da lectura e da Literatura Xuvenil en Secundaria. Trataríase de utilizar os recursos informáticos na Aula de Lectura. Á marxe da existencia desta páxina electrónica, debe ser un reto a formación en cada IES dunha páxina web relacionada coa lectura.

## b) Titoría. Comprensión lectora

O deseño dunha nova programación que inclúa esta actividade non cabe dúbida de que é unha novidade importante no panorama educativo. Un acordo, referendado por un claustro ou CCP, de organizar un *Plan Global de Propostas* nun IES estará en sintonía coas novas propostas de proporcionar a debida atención educativa ao alumnado. Trazamos, pois, un plan lector para os alumnos se ben non aspiramos a que lean só libros moi elaborados, senón tamén obras que conteñan *valores literarios sen renunciar aos valores éticos*. Trátase, en calquera caso, dunha lectura formativa que busca fomentar a comprensibilidade.

Como complemento aos contidos específicos recollidos na programación do Departamento de Lingua Castelá, establecemos un plan lector baseado sobre todo na mellora da lectura comprensiva. Prográmanse tres libros, un por avaliación e curso (nalgún caso un deles pode ser substituído por lecturas de relatos ou grupos de poemas), que se han de ler na aula cunha periodicidade quincenal, na hora de titoría. Tamén haberá minutos de lectura en cada clase da semana, xa sexa de textos traballados no programa de literatura coma de obras literarias que non figuran nel. Pode traballarse a lectura en voz alta, ler contos ou fragmentos que se consideren convenientes, en función sempre da competencia lectora dos alumnos dun determinado grupo.

## c) Lectura formativa

O máis novo é a *metodoloxía* levada a cabo, consiste na práctica duns minutos de lectura silenciosa. A partires dela realizaranse as seguintes actividades:

*Diario e razoamento persoal.* Durante o proceso lector, os alumnos anotarán ao final do caderno as palabras que descoñezan, así como as citas textuais que consideren oportunas. Tamén poden facer observacións persoais sobre os textos lidos ou algún resume a petición do profesorado. Estas actividades tamén poden facerse de viva voz, como un método para xerar debate entre o alumnado. Tamén pode o profesor ou profesora formular preguntas sobre o contido e aspectos literarios que o alumnado contestará oralmente.

*Actividades de expresión escrita.* Destinarase un apartado, no caderno, ou en follas independentes, para a escritura de cuestións creativas que

poidan proporse a partir da lectura de cada libro ou texto. Tamén poden usarse textos como modelo ou esbozar os trazos dun determinado xénero literario para que o alumnado escriba a partir deles as súas propias composicións creativas e literarias.

#### d) Aula de Lectura. Plans lectores

O noso obxectivo é que o profesorado de Castelá utilice a Biblioteca como Aula de Lectura, onde hai un conxunto de libros que están ordenados por ciclos e temas.

Son algúns destes, os libros que forman parte do noso *Plan Individual de Lectura*. Estes libros están catalogados segundo o sistema, están colocados nos armarios, e a súa ubicación na Biblioteca facilita a súa organización dual, entendida como lugar de traballo e acceso ás fontes de información, pero tamén e sobre todo como espazo onde se practica a lectura. De este modo, convertemos a lectura nunha actividade temporalizada nas programacións de aula e convenientemente avaliada. Tamén pode o profesorado seleccionar un determinado libro, do que existen varios exemplares na biblioteca, para que todo o alumnado dun curso poida lelo e traballar con el.

#### d) Préstamo e Biografía Lectora

Ao marxe do noso Plan, é obxectivo prioritario favorecer no recreo o préstamo de libros.

Por último, hai que deixar claro que convén destinar unha partida nos presupostos (achegas do IES, da AMPA e outras institucións públicas e privadas, así como doazóns) para a adquisición de libros, e tamén para a contratación de especialistas e a realización de cantas actividades axuden ao fomento da lectura no ámbito educativo de Secundaria.

#### e) Afianzamento do hábito lector

Modestamente, creemos saber por que é tan difícil afianzar o hábito lector nos nosos estudantes: a meirande parte das intervencións de animación á lectura son actividades illadas, pegadas unha ao lado da outra sen buscar a continuidade nin a coherencia. Ao mesmo tempo, nas aulas séguense empregando métodos inadecuados en torno á lectura nos que o mestre non sempre logra espertar as motivacións internas dos nenos e reparte café para todos; xunto coas lecturas comúns, é interesante facilitar tamén as eleccións persoais de libros

En moitas aulas iniciase a técnica lectora esquecendo que as aprendizaxes han de ser significativas e comprensivas, entre outras cosas para que resulten amenas para o neno. Dáse pouca oportunidade e tempo para a lectura libre, espontánea, informal e gratuíta (sen pedir nada a cambio: resume, ficha de lectura...).

A nosa proposta consiste en deseñar un Proxecto de Lectura no que estean contemplados: a mecánica lectora, a velocidade, a

entoación/ritmo, a lectura comprensiva, a lectura como instrumento de aprendizaxe, a lectura expresiva, a lectura lúdica, a lectura creativa, a lectura reflexiva e analítica...

Cada tipoloxía lectora levará a súa planificación específica, cos seus obxectivos, materiais e recursos, estratexias e metodoloxías, capacidades para desenvolver, adaptacións segundo a diversidade, instrumentos e procesos de avaliación, etcétera.

Este Proxecto estará deseñado con continuidade, buscando a coherencia desde os primeiros niveis da escolaridade ata o último (a lectura non é un «problema dos pequenos»; afecta e debe traballarse de xeito planificado, tanto na Educación Infantil como en Primaria, en Secundaria e en Bacharelato). En cada etapa da escolaridade haberá que facer máis fincapé en determinados aspectos específicos.

Por exemplo, se en Educación Infantil se reflexiona sobre os requisitos lectores, as habilidades lectoras (neurolóxicas, lingüísticas, intelectuais, emocionais, sociais), os métodos de introdución na lectura, a lectura de imaxes...

En Primaria haberá que definir o proceso psicofisiolóxico do acto lector, o deseño e posta en práctica de estratexias de comprensión lectora, as habilidades perceptivas para desenvolver...

En Secundaria, o noso espazo de actuación, se ben debe perfeccionar estratexias xa adquiridas en primaria (mecánica lectora, entoación...) ten que traballar máis a lectura comprensiva: de investigación, as técnicas de estudo baseadas no acto lector reflexivo, a lectura selectiva, as estratexias metacognitivas de comprensión, a análise literaria...

De nada serve que deseñemos un Programa de Promoción Lectora –con actividades impactantes e atractivas– se o resto da experiencia lectora na aula, as outras facetas do acto lector que teñen lugar no traballo diario, son desmotivadoras, aburridas, nada espontáneas e pouco respectuosas cos intereses, niveis madurativos e evolución persoal de cada lector.

Sinalamos a continuación unha serie de consideracións xerais que non debemos esquecer á hora de planificar un Proxecto de Lectura:

O Proxecto tentará estar integrado no Proxecto Curricular, buscando o consenso do profesorado e procurando certa flexibilidade introducindo, mediante acordos, cos cambios que se consideren oportunos.

1. Será posto en práctica por todo o equipo docente correspondente aos profesores do Departamento de Lingua e Literatura castelá.
2. Promoverase a formación continua do profesorado en temas de lectura e creación literaria.
3. Favorecerase e valorarase a creación literaria espontánea e creativa dos rapaces. Na medida en que escriban e se sintan valorados polos seus compañeiros e por os seus adultos significativos (mestres e pais), sentirán maiores desexos de ler as producións dos demais, tanto as dos seus iguais como, nun momento posterior, as de autores descoñecidos.

4. O alumnado debe implicarse no deseño do Proxecto.
5. Será prioritario o coñecemento da súa psicoloxía, preocupacións e gustos.
6. Implicarase aos outros axentes da educación lectora (pais, bibliotecarios...), definindo claramente as funcións e responsabilidades de cada un.
7. Crearase un clima e unha cultura lectora en todo o centro (nas actitudes, os comentarios, as campañas, as ambientacións, etcétera.)
8. Traballarase ao redor da biblioteca escolar e as bibliotecas de aula. Para elo concibirase a biblioteca escolar como un centro de documentación, información e recursos e un eixo sobre o que xirará todo o desenvolvemento do proceso curricular.
9. Teranse en conta as diferencias (capacidades, actitudes, intereses...) entre os alumnos.
10. Lectura e escritura entenderanse e planifícanse como dous procesos independentes, pero paralelos e complementarios.
11. Aproveitaranse os Medios de Comunicación de Masas e as Tecnoloxías Avanzadas da Información integrándoas no Proxecto de Lectura como ferramentas importantes.
12. Realizarase un traballo multidisciplinario coordinado.
13. En todo momento favoreceranse a investigación, a reflexión, o respecto e o estímulo.
14. Intégranse no Proxecto de Lectura as linguaxes non verbais.
15. Estableceranse conexións entre a literatura e o resto das artes buscando puntos comúns e trazos específicos básicos de cada unha.
16. Deseñarase un programa de sensibilización artística, ensinando aos estudantes a interpretar e «ler» as ilustracións dos libros, tanto de Literatura Infantil e Xuvenil como os documentais.
17. Todo o proceso estará envolvido nunha dinámica de autoavaliación na que se analizarán tanto as didácticas como as actitudes e motivacións mostradas por alumnos e profesores, a idoneidade dos materiais e recursos, a temporalización, etcétera



#### 4. Proposta deseñada para determinados cursos do nivel Educativo da ESO polo Departamento de Lingua e Literatura Castelá

##### Proposta para 1º ESO

- Lectura pública de textos elementais, insistindo en aspectos coma a pronunciación clara e detida e os signos de puntuación.
- Lectura comprensiva, atendendo á coherencia e cohesión do texto, mediante o emprego e recoñecemento de conectores discursivos.
- Lectura compartida en público de textos narrativos, teatrais e poéticos, para aplicarlle a posteriori actividades vinculadas co argumento, o tema, os personaxes, o espazo e o tempo.
- Lectura diaria na clase (10 minutos) de aspectos varios da materia.
- Unha sesión semanal de 15 minutos para a lectura **en voz alta** dos libros de Elvira Lindo; “**Pobre Manolito**” e “**Mejor Manolo**”-
- Lecturas obrigatorias: El principito e El devorador de hombres
- Actos de **recitado o de dramatización** de poemas, contos...
- **Diario de lecturas**: Un documento de memoria lectora individual, donde el alumno /a anota unas breves pinceladas del libro leído y que podrá guardar como recuerdo de sus lecturas juveniles.
- Participaremos activamente no PLAN LECTOR do Centro.
- Faremos actividades na biblioteca do Programa de formación de usuario, animación á lectura e proxectos documentais

##### Proposta para 2º ESO

- Lectura pública de textos elementais, insistindo en aspectos coma a pronunciación clara e detida e os signos de puntuación.
  - Lectura comprensiva, atendendo á coherencia e cohesión do texto, mediante o emprego e recoñecemento de conectores discursivos.
  - Lectura compartida en público de textos narrativos, para aplicarlle posteriormente actividades vinculadas co argumento, o tema, os personaxes, o espazo e o tempo.
  - Lectura compartida de textos poéticos, sobre os que se aplicarán posteriormente técnicas sobre o recoñecemento de recursos literarios (metáforas, hipérboles, etc.)
  - Lectura pública de textos poéticos creados polo alumno, como imitación ou vinculados con outros poemas de autor tratados na clase.
- Lectura compartida de textos teatrais, onde os alumnos interpretarán os diálogos dos personaxes mediante a dramatización.
- Estudio dos rexistros vulgar e coloquial, xergas e trazos dialectais a través de diversos tipos de textos que serán lidos na aula.
  - Lectura e análise de textos xornalísticos sobre determinados temas de actualidade extraídos da prensa: inmigración, violencia, etc.
  - Lectura diaria na clase (10 minutos) de aspectos varios da materia. Tamén lectura de contos e poemas.

- **Diario de lecturas:** Un documento de memoria lectora individual, donde el alumno /a anota unas breves pinceladas del libro leído y que podrá guardar como recuerdo de sus lecturas juveniles
- Media sesión semanal de 15 minutos de lectura **en voz alta** das seguintes obras: El bosque animado e Un viejo que leía novelas de amor.
- Participaremos activamente no PLAN LECTOR do Centro.
- Faremos actividades na biblioteca do Programa de formación de usuario, animación á lectura e proxectos documentais

## Proposta para 3º ESO

Dado que partimos da materia de literatura, as actividades propostas, que vimos desenvolvendo hai anos, céntranse na selección, lectura e valoración de textos literarios e tamén na relación da literatura con outras artes e materias. Tentamos fomentar tamén a sensibilidade e a escritura creativa. Os nosos obxectivos son os seguintes:

descubrimento da literatura como fonte de pracer, de aprendizaxe, expresión, sensibilización e xeito de vivir novas experiencias.

A ruptura cos tópicos e prexuízos adoptados polo alumnado con respecto á lectura e ós autores e autoras de calidade (algúns parten da idea de que son aburridos ou difíciles.)

- A apertura de miras cara diversas tendencias, épocas, estilos... enfrontándoos con aqueles mundos literarios próximos ás súas experiencias pero tamén con aqueles que lles resultan distantes e novos.
- A sensibilización, tanto estética como emocional, do alumnado mediante textos.
- Descubrimento e valoración dos diferentes xéneros literarios (lírica, narrativa e teatro) eliminando, unha vez máis, os prexuízos que os estudantes teñen sobre eles (non queren, inicialmente, ler poesía, xulgan o teatro sen coñecelo...)
- A análise, cada vez máis profunda, de textos. Esta permitirá desenvolver progresivamente a capacidade de observación, de reflexión (máis aló da simple extracción dunha idea xeral) e a relación e aplicación dos coñecementos adquiridos para aprender a deducir.
- interese pola creación de textos literarios propios que busquen, non só a corrección gramatical ou ortográfica, senón a creatividade, a expresión de emocións e a beleza.
- A relación da literatura con outras materias (historia, filosofía, mitoloxía...) e artes (cine, música, artes plásticas) aprendendo a superar a idea das humanidades como compartimentos estanco, e a entender o feito literario dun xeito máis amplo e menos conservador.
- Por todo isto, pensamos que as actividades de lectura e proxección, dadas as características da nosa área, non deben limitarse a “obras para adolescentes” que chamen a súa atención en base ó coñecido razoamento “o importante é que lean.” Nunha materia como literatura debemos esixir a calidade literaria nas lecturas seleccionadas. A motivación do alumnado non é incompatible coa boa literatura, cousa que xa temos comprobado. Renunciar á calidade en aras dunha suposta captación, levaría a un progresivo empobrecemento, a facer ós

estudantes menos sensibles, pouco reflexivos, e máis pechados e incapaces de probar cousas novas. Sabemos que combinar atracción e calidade, á súa idade, esixe por parte do profesorado un enorme esforzo de lectura e posterior selección dentro dos grandes autores e autoras do mundo literario. Somos conscientes de que debemos loitar cunha resistencia inicial ó texto escrito, nun mundo dominado polo inmediato, a imaxe e a frivolidade.

- Isto non propicia a reflexión nin a imaxinación, tan necesarias na literatura. Aprendemos a empregar a imaxe, de calidade, como ferramenta e apoio para a nosa área. Pero tamén temos comprobado ó longo dos anos que tanto esforzo, superada a resistencia inicial, da bo resultado coa maioría do alumnado, ata o punto de que este acaba valorando e solicitando algunhas das actividades das que desconfiaba nun principio.
- A Proposta para 3º ESO inclúe a Lectura de contos seleccionados pola profesora. A periodicidade é un conto por semana, durante todo o curso. Pode abarcar entre 10 e 20 min. da clase, dependendo da súa extensión o criterio prioritario na selección de contos é a calidade literaria, aínda que tamén se teña moi en conta o interese que poidan espertar no alumnado. Buscamos por tanto contos escritos por grandes autores e autoras da literatura, tanto clásicos como actuais, de recoñecido prestixio, de literatura española e hispanoamericana, pero tamén doutras literaturas, sen restrición de nacionalidades. Procuramos que teñan, con eses textos, acceso a experiencias e mundos diferentes ós seus e que perciban todo tipo de emocións (tenrura, melancolía, terror, tristeza, humor, desconcerto...) Tentamos que os textos estean próximos ó seu nivel de comprensión, pero que tamén lles esixan un relativo esforzo de dedución. Coidamos que temos que propoñerlles retos intelectuais, alcanzables, pero non simplistas, para lograr que as súas mentes se desenvolvan.
- Entre eses autores mencionamos só algúns exemplos dos moitos que utilizamos: Horacio Quiroga, Mario Benedetti, Julio Cortázar, Susana Tamaro, Quim Monzó, Edgar Allan Poe, Fernando Iwasaki, Katherine Mansfield, Xosé L. Méndez Ferrín, Nadine Gordimer, Guy de Maupassant, Juan Rulfo...
- Metodoloxía: A profesora le o conto en voz alta, tentando xogar coa entoación e o ritmo de lectura para acentuar as sensacións no alumnado e demostrarlle que a habilidade lectora inflúe no interese espertado e no pracer obtido. Os estudantes seguen a lectura ó mesmo tempo, nun exemplar que se lles reparte previamente. Non se lles esixe ningún traballo sobre o conto, basta coa súa comprensión. O motivo é que, nesta actividade concreta, aspiramos simplemente a que sintan o pracer da lectura, abran a súa mente, experimenten sensacións e rompan cos seus prexuízos. Creemos que neste caso, esixirlles un traballo por cada conto contribuiría a que os afrontasen como unha obriga e non un pracer, e a que lles atribúsen un fin utilitario.
- Lectura, nas clases de literatura, de poemas e fragmentos de obras literarias que forman parte do programa.
- Comentario de texto detallado deses poemas e fragmentos. A periodicidade non é fixa. Tentamos ler polo menos algún fragmento, ou varios poemas de cada autor ou autora estudado, en relación á época literaria que tratamos en cada momento. Neste caso si esiximos do alumnado un esforzo de análise e comentario de texto, aplicando nel a capacidade de observación e dedución persoal (que aumenta coa práctica) os coñecementos adquiridos sobre a época, o movemento literario e o autor estudado e aqueles relacionados coa técnica literaria

(recursos estilísticos, métrica, tipos de narradores, análise temporal, estrutura...)

- A función destas actividades é a utilización da lóxica, a sensibilidade e a capacidade de observación para a análise literaria. Tamén buscan aplicar na práctica os coñecementos teóricos e superar a idea conservadora e anticuada da literatura como simple memorización de datos ou como a extracción reducionista dunha idea xeral sobre o contido do texto.
- Proxección de películas ou fragmentos directamente relacionadas coa etapa literaria que os alumnos están estudando ou con algunha obra concreta, representativa desa etapa.
- Periodización: unha película en cada avaliación, de dúas a tres sesións de clase. As películas propostas para 3º de ESO son:
  - El nombre de la rosa (relacionada coa literatura medieval.)
  - La Celestina (relacionada coa literatura renacentista.)
  - Romeo + Julieta (relacionada coa literatura barroca.)

Poderá engadirse ó longo do curso algunha nova que descubramos ou que apareza neste ano, e teña especial relevancia para a materia por estar claramente relacionada con ela

Actividade complementaria: resposta a cuestionarios relacionados coa película ou elaboración dalgún traballo que teña que ver co tema ou obra tratado nela.

- Somos conscientes de que a lectura en xeral e a literatura en particular se enfrontan a unha época difícil, dominada pola imaxe, pola satisfacción inmediata e pouco reflexiva. Aínda así, cremos que desconectar a literatura das outras artes, así como tamén da filosofía, da mitoloxía e do contexto histórico no que xorde é un erro, e un sistema empobrecedor de ensino, que non encaixa cunha mentalidade humanista. Por iso decidimos contar coa imaxe como ferramenta e aliada para a nosa materia. E dentro do posible seleccionar películas de calidade, que poidan entender e desfrutar, pois coidamos que o bo cine tamén é unha arte e un elemento de aprendizaxe. Non se trata de proxectar películas porque si. Falamos de estudar unha época e movemento literario (Idade Media, Renacemento, Barroco, Romanticismo...) e de ler fragmentos de obras concretas que se analizarán en comentario de texto. Unha vez dominado o tema, tras varias clases, explicacións, lecturas e exercicios, proxectamos algunha película que reflicte esa época ou que leve a imaxes unha obra concreta. Iso axudará a afianzar o xa lido e estudado, a comprendelo mellor, espertar o interese e establecer reflexións comparativas entre a obra literaria e a versión cinematográfica.
- Visionado de teatro filmado durante algunhas sesións de clase.
- Isto completárase no posible coa asistencia a algunha obra de teatro, o que implica unha saída do centro, actividade que resulta interesante tamén para outras materias: a obra dependerá da oferta existente nese momento, nas cidades próximas.

- Pensamos que ver representadas obras teatrais literarias, sobre todo se coinciden con algunha lida en clase, esperta o interese do alumnado e permítelle percibir a influencia da boa interpretación na comprensión do contido e na experimentación de sensacións.
- Lectura de obras literarias completas por curso. Unha en cada avaliación. A lectura dunha obra completa en casa pretende que o alumno se enfrente por si só á lectura, establecendo a relación persoal e solitaria que xorde entre lector e autor. Desenvolve a capacidade de concentración e esforzo e tenta que os estudantes lle perdan medo a ler un libro completo, comprobando que en moitos casos pode ser unha experiencia agradable e mesmo absorbente, a medida que se adentran na historia e coñecen ós personaxes. Propoñemos para 3º La llamada de lo salvaje (J.London), El camino (Miguel Delibes) coa posibilidade de cambiar algunha desas obras en función das capacidades do alumnado, pero respectando sempre a calidade literaria.

A actividade complétase cunha proba escrita destinada a comprobar que a lectura se realizou e que o libro foi comprendido. Esta proba puntúa nas cualificacións, como xeito de motivar tamén ó alumnado cara a lectura e de premiar o esforzo realizado. Para escoller os libros empregaremos, unha vez máis, un criterio de calidade literaria aínda que se tentará que resulten tamén amenos e comprensibles para o alumnado.

- Lectura dramatizada de fragmentos teatrais en clase. Resulta atractiva para boa parte do alumnado porque lle permite ter certo protagonismo durante uns momentos e xogar a representar personaxes, empregando a entoación. Supón certo reto para algúns e un xeito de exercitarse na expresión e indución de sensacións. Puntuará para avaliar os estándares de lingua oral.
- Lectura en voz alta de poemas, en clase (pertencentes a diversas épocas.) O alumnado, trala explicación previa do contido, ensaiará a lectura dun poema para logo facela en voz alta ante toda a clase. O obxectivo é a valoración da lectura correcta como xeito de facilitar a comprensión do texto, e da entoación axeitada como medio para expresar e xerar sensacións nos demais. A práctica axudará ademais a perder o medo a ler ou falar en público, a superar a timidez, o que elevará a autoestima e a consideración por parte dos demais. Puntuará para avaliar os estándares de lingua oral.
- Elaboración de textos literarios persoais. Coidamos que, ademais de exercitar unha expresión máis clara e correcta por escrito, a elaboración de textos literarios propios desenvolve a sensibilidade e a imaxinación. Tamén permite buscar estratexias para influír nos demais, expresando e provocando sensacións. Tentaremos darlles certa liberdade no que respecta á temática e xénero literario elixido, procurando que as súas composicións varíen neses aspectos. Puntuarán para avaliar os estándares relacionados coa expresión escrita, a creatividade e a corrección ortográfica e gramatical.
- Participación en concursos literarios. Como complemento da actividade anterior, a participación en concursos literarios de diversos tipo (poemas, frases, cartas, contos...) propostos polo centro, ou nalgún caso polo concello aumentará o interese pola escritura. Tamén levará a valorar a dificultade que conleva escribir un bo texto literario. Ademais, aquelas alumnas e alumnos gañadores elevarán a súa autoestima e contarán con certa aceptación social, cousa que é interesante para nenos e nenas que, nalgúns casos, son tímidos ou destacan menos

noutro tipo de actividades.

- Elaboración de traballos de documentación sobre obras, autores, épocas, movementos literarios. Empregando materiais propios, e outros cos que conta o centro: libros, enciclopedias, acceso a Internet... na biblioteca.
- Desenvolvemento de xogos relacionados con personaxes literarios, mitolóxicos, autores e obras famosas... Estes xogos poden incluír a superación de probas intelectuais e tamén físicas para obter a cambio información sobre os personaxes elixidos. Xa o fixemos con personaxes da mitoloxía clásica, monstros famosos, e tamén se podería facer con obras literarias, escritores... Son xogos realizados en colaboración co departamento de actividades extraescolares.
- Conexión entre literatura e cine, incluíndo en clase explicacións relacionadas coas técnicas narrativas comúns a ambas artes, aspectos sobre guión cinematográfico e exercicios para pasar dunha linguaxe á outra.

## Proposta para 4º ESO

Lectura de contos seleccionados pola profesora.

- A periodicidade é un conto por semana, durante todo o curso.
- Pode abarcar entre 10 e 20 min. da clase, dependendo da súa extensión.

O criterio prioritario na selección de contos é a calidade literaria, aínda que tamén se teña moi en conta o interese que poidan despertar no alumnado. Buscamos por tanto contos escritos por grandes autores e autoras da literatura, tanto clásicos como actuais, de recoñecido prestixio, de literatura española e hispanoamericana, pero tamén doutras literaturas, sen restrición de nacionalidades. Procuramos que teñan, con eses textos, acceso a experiencias e mundos diferentes ós seus e que perciban todo tipo de emocións (tenrura, melancolía, terror, tristeza, humor, desconcerto...) Tentamos que os textos estean próximos ó seu nivel de comprensión, pero que tamén lles esixan un relativo esforzo de dedución. Coidamos que temos que propoñerlles retos intelectuais, alcanzables, pero non simplistas, para lograr que as súas mentes se desenvolvan.

Entre eses autores mencionamos só algúns exemplos dos moitos que utilizamos: Horacio Quiroga, Mario Benedetti, Julio Cortázar, Susana Tamaro, Quim Monzó, Edgar Allan Poe, Fernando Iwasaki, Katherine Mansfield, Xosé L. Méndez Ferrín, Nadine Gordimer, Guy de Maupassant, Juan Rulfo...

- A profesora le o conto en voz alta, tentando xogar coa entoación e o ritmo de lectura para acentuar as sensacións no alumnado e demostrarlle que a habilidade lectora inflúe no interese despertado e no pracer obtido. Os estudantes seguen a lectura ó mesmo tempo, nun exemplar que se lles reparte previamente.



- Non se lles esixe ningún traballo sobre o conto, basta coa súa comprensión. O motivo é que, nesta actividade concreta, aspiramos simplemente a que disfruten da lectura, abran a súa mente, experimenten sensacións e rompan cos seus prexuízos. Cremos que neste caso, esixirlles un traballo por cada conto contribuiría a que os afrontasen como unha obriga e non un pracer, e a que lles atribuísen un fin utilitario.
- Lectura, nas clases de literatura, de poemas e fragmentos de obras literarias (relacionadas coas épocas estudadas no curso: sec. XVII, XVIII XIX e XX.)
- Comentario de texto detallado deses poemas e fragmentos.

A periodicidade non é fixa. Tentamos ler polo menos algún fragmento, ou varios poemas de cada autor ou autora estudado, en relación á época literaria que tratamos en cada momento

- Neste caso si esiximos do alumnado un esforzo de análise e comentario de texto, aplicando nel a capacidade de observación e dedución persoal (que aumenta coa práctica) os coñecementos adquiridos sobre a época, o movemento literario e o autor estudado e aqueles relacionados coa técnica literaria (recursos estilísticos, métrica, tipos de narradores, análise temporal, estrutura...)
- A función destas actividades é a utilización da lóxica, a sensibilidade e a capacidade de observación para a análise literaria. Tamén buscan aplicar na práctica os coñecementos teóricos e superar a idea conservadora e anticuada da literatura como simple memorización de datos ou como a extracción reduccionista dunha simple idea xeral sobre o contido do texto.
- Proxección de películas directamente relacionadas coa etapa literaria que os alumnos están estudando ou con algunha obra concreta, representativa desa etapa.
- Periodización: unha película en cada avaliación (de dúas a tres sesións de clase). As películas propostas para 4º de ESO son :
  - Frankenstein (relacionada co Romanticismo)
  - Ana Karenina (Relacionada con Realismo)
  - La novia (baseada e Bodas de sangre, de Lorca, para o século XX)
- Actividade complementaria: resposta a cuestionarios relacionados coa película ou elaboración dalgún traballo que teña que ver co tema ou obra tratado nela. Somos conscientes de que a lectura en xeral e a literatura en particular se confrontan a unha época difícil, dominada pola imaxe, pola satisfacción inmediata e pouco reflexiva. Aínda así, cremos que desconectar a literatura das outras artes, así como tamén da filosofía, da mitoloxía e do contexto histórico no que xorde é un erro, e un sistema empobrecedor de ensino, que non encaixa cunha

mentalidade humanista. Por iso decidimos contar coa imaxe como ferramenta e aliada para a nosa materia. E dentro do posible seleccionar películas de calidade, que eles poidan entender e resultarlles prazenteiras, pois coidamos que o bo cine tamén é unha arte e un elemento de aprendizaxe. Non se trata de proxectar películas porque si. Falamos de estudar unha época e movemento literario (Idade Media, Renacemento, Barroco, Romanticismo...) e de ler fragmentos de obras concretas que se analizarán en comentario de texto. Unha vez dominado o tema, tras varias clases, explicacións, lecturas e exercicios, proxectamos algunha película que reflicte esa época ou que leve a imaxes unha obra concreta. Iso axudará a afianzar o xa lido e estudado, a comprendelo mellor, espertar o interese e establecer reflexións comparativas entre a obra literaria e a versión cinematográfica.

- Asistencia a algunha obra de teatro ó longo do curso.

Isto implica unha saída do centro, actividade que resulta interesante tamén para outras materias: a obra dependerá da oferta existente nese momento nas cidades próximas. Pensamos que ver representadas obras teatrais literarias, sobre todo se coinciden con algunha lida en clase, esperta o interese do alumnado e permítelle percibir a influencia da boa interpretación na comprensión do contido e na experimentación de sensacións. Tamén sería interesante atopar unha obra literaria relacionada co teatro clásico grecolatino, que enlazaría coas materias de cultura clásica ou latín impartidas polo departamento.

- Lectura de obras literarias completas durante o curso. Unha en cada avaliación. Puntuará na cualificación e servirá para avaliar estándares específicos de lectura e tamén aqueles relacionados coa comprensión e expresión escrita.

A lectura dunha obra completa en casa pretende que o alumno se enfrente por si só á lectura, establecendo a relación persoal e solitaria que xorde entre lector e autor. Desenvolve a capacidade de concentración e esforzo e tenta que os estudantes lle perdan medo a ler un libro completo, comprobando que en moitos casos pode ser unha experiencia agradable e mesmo absorbente, a medida que se adentran na historia e coñecen ós personaxes

- Propoñemos:

- Crónica de una muerte anunciada (Gabriel García Márquez)
- El perfume (Patrik Suskind)
- Bodas de sangre, La casa de Bernarda Alba (Federico García Lorca)

Ademais engadimos:

- Selección de poemas do século XX (de literatura española)

- A actividade complétase cunha proba escrita destinada a comprobar que a lectura se realizou e que cada libro foi comprendido. Esta proba puntúa nas cualificacións, como xeito de motivar tamén ó alumnado cara a lectura e de valorar o esforzo realizado. Para escoller os libros empregaremos, unha vez máis, un criterio de calidade literaria aínda que se tentará que resulten tamén amenos e comprensibles para o

alumnado.

- Lectura dramatizada de fragmentos teatrais en clase.
- Resulta atractiva para boa parte do alumnado porque lle permite ter certo protagonismo durante uns momentos e xogar a representar personaxes, empregando a entoación. Supón certo reto para algúns e un xeito de exercitarse na expresión e indución de sensacións.
- Lectura en voz alta de poemas, en clase (pertencentes ós séculos XVII, XIX e XX.) O alumnado, trala explicación previa do contido, ensaiará a lectura dun poema para logo facela en voz alta ante toda a clase. O obxectivo é a valoración da lectura correcta como xeito de facilitar a comprensión do texto, e da entoación axeitada como medio para expresar e xerar sensacións nos demais. A práctica axudará ademais a perder o medo a ler ou falar en público, a superar a timidez, o que elevará a autoestima e a consideración por parte dos demais.
- Elaboración de textos literarios persoais. Puntúa na cualificación e servirá para avaliar os estándares relacionados coa expresión escrita e a creatividade.
- Coidamos que, ademais de exercitar unha expresión máis clara e correcta por escrito, a elaboración de textos literarios propios desenvolve a sensibilidade e a imaxinación. Tamén permite buscar estratexias para influír nos demais, expresando e provocando sensacións. Tentaremos darlles certa liberdade no que respecta á temática e xénero literario elixido, procurando que as súas composicións varíen neses aspectos.
- Participación en concursos literarios,
- Como complemento da actividade anterior, a participación en concursos literarios de diversos tipo (poemas, frases, cartas, contos...) propostos polo centro, ou nalgún caso polo concello aumentará o interese pola escritura. Tamén levará a valorar a dificultade que conleva escribir un bo texto literario. Ademais, aquelas alumnas e alumnos gañadores elevarán a súa autoestima e contarán con certa aceptación social, cousa que é interesante para nenos e nenas que, nalgúns casos, son tímidos ou destacan menos noutro tipo de actividades.
- Elaboración de traballos relacionados coa mitoloxía e con personaxes literarios míticos de distintas épocas e literaturas.
- Dado que o departamento tamén asumiu a materia de cultura clásica, e agora a de latín, incluímos a elaboración de traballos sobre mitoloxía que analizan, ademais dos mitos en cuestión, a súa presenza na literatura e nas diferentes artes. Iso conleva tamén o estudo de grandes obras da literatura clásica grecolatina (lírica, narrativa e teatro) que tanto influíu e inflúe na nosa. A estas obras tamén se lles aplicarán os correspondentes comentarios de texto e o a visión de películas e obras teatrais relacionadas. Tamén se poden incorporar aspectos básicos outras mitoloxías: mitoloxía galega, nórdica, celta, hispanoamericana, exipcia, monstros míticos do Romanticismo...
- Elaboración de traballos de documentación sobre obras, autores, épocas, movementos literarios...Empregando materiais propios, e outros

cos que conta o centro: libros, enciclopedias, acceso a Internet... na biblioteca.

- Desenvolvemento de xogos relacionados con personaxes literarios, mitolóxicos, autores e obras famosas... Estes xogos poden incluír a superación de probas intelectuais e tamén físicas para obter a cambio información sobre os personaxes elixidos. Xa o fixemos con personaxes da mitoloxía clásica, monstros famosos, e tamén se podería facer con obras literarias, escritores... Son xogos realizados en colaboración co departamento de actividades extraescolares.
- Afondamento nas conexións entre literatura e cine, incluíndo en clase explicacións relacionadas coas técnicas narrativas comúns a ambas artes, aspectos sobre guión cinematográfico e exercicios para pasar dunha linguaxe á outra.

## *5. Conclusións*

Como dicíamos ao principio, a familia, a escola e a biblioteca son os axentes e ámbitos non só da Animación á Lectura, senón tamén de todo o proceso lector. Cada un deles debe asumir as súas responsabilidades sen delegalas nos outros.

Todos os instrumentos e estratexias de animación (encontros con autores, hora do conto, talleres literarios, clubs de lectores, libro-fórum, etcétera.) son positivos só se forman parte dun proxecto amplo, coherente e continuado no que se definan os obxectivos, o grado de afondamento, as actitudes e o clima afectivo que debe adoptar polo profesorado.

Resaltar a absoluta necesidade de levar a cabo unha programación rigorosa que persiga a coherencia e a globalizade de estratexias, instrumentos, materiais, etcétera e que parta sempre da detección das necesidades dos destinatarios.

A demanda das distintas administracións da posta en práctica de cursos de especialización en programación e avaliación de Planes de Lectura e Animación Literaria e a esixencia do seu apoio estratéxico e financeiro non a campañas puntuais (semanas ou días do libro) senón a programas globais de Animación Lectora, non serán unha escusa para paralizar ou eludir o noso propio compromiso.

En resumo, se queremos mellorar as enquisas catastróficas que circulan por todas partes outras que acusan ao sistema de producir futuros universitarios con comprensión lectora case nula e formación lingüística plana, debemos entender a lectura como un proceso complexo e de capital importancia ao longo de toda a escolaridade, e como un xeito de formación e pracer para toda a vida.

A incidencia dos problemas de lectura (xa sexa de comprensión, de hábitos, ou de fluidez) no fracaso escolar é transcendental polo que merece a pena embarcarse na ardua e apaixonante travesía de deseño e desenvolvemento dun minucioso Proxecto de Lectura no que se lle dea protagonismo á biblioteca escolar como centro de recursos para o aprendizaxe e como ferramenta imprescindible para o descubrimento do gozo literario.

